

Num. 289



Periódico labrego de información técnica e sindical  
Número de rexistro: 980635



# VIII Congreso: o SLG reafírmase na soberanía alimentaria como garantía de futuro



A afiliación do Sindicato Labrego Galego xuntouse, como cada catro anos, nun congreso -neste caso o oitavo- para pasar revista aos traballos feitos e, sobre todo, para mirar cara a adiante e planificar os traballos vindeiros. Catro anos pasados e catro por vir, do mesmo xeito que son catro as palabras que os resumen. As dúas primeiras son “soberanía alimentaria”, e encerran nelas o norte cara ao que está dirixida a loita do Sindicato Labrego Galego e a raíz da que emanan as principais reivindicacións desta organización agraria. As outras dúas son “garantía de futuro”,

porque sen soberanía alimentaria non se garante o noso porvir, porque non aceptamos que nos sigan negando unha realidade na que deberían ser normais feitos coma que os labregos e labregas cobren un prezo xusto polas súas producións e saquen un salario digno do seu traballo, ou que a cidadanía sexa libre para elixir os alimentos que quere comer. Até entón, e coa mirada posta nese horizonte, o Sindicato Labrego Galego inicia unha nova etapa con Carme Freire reelixida como secretaria xeral, cambios de responsabilidades na Executiva e unha Dirección Nacional renovada. **Caderno central 13 a 20**



**Edita: Edicións Fouce**  
Departamento de Publicacións de  
Servicios Agrarios e Contables S.L.  
CIF: B - 27165646

**Coordinación:**

Xosé García Rodríguez

**Consello Editorial:**

Carne Freire, Isabel Vialba,  
Manuel Docampo e Xabier  
Gómez Santiso.

**Colaboracións:** Lidia Senra,  
Manuel Docampo, Carne Freire e  
Fefi Lama Gayoso.

**Deseño e maquetación:**

Xosé García Rodríguez

**Sede da redacción:**

Ofelia Nieto nº 13-23  
Santiago de Compostela  
Tif: 981 580449  
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

**Depósito Legal:** C-749/88



## LOCAIS

**NACIONAL** - R/ Ofelia Nieto 13-23,  
15705, Meixorfrío. Santiago de  
Compostela. Tifno. 981 554 147  
**COMPOSTELA** - R/ Ofelia Nieto 13-23,  
15705, Meixorfrío. Santiago de  
Compostela. Tifno. 981 588 532  
**MELIDE** - Praza do Convento nº2  
**ARZÚA** - R/ Padre Pardo nº24, 1º D  
Tifno. 981 508 177  
**SANTA COMBA** - R/ Lugo nº 19,  
entrecán 1º esquerda. Tif. 981 880 909  
**ORDES** - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.  
Tif. 981 682908  
**BETANZOS** - Praza da Constitución nº 4,  
1º. Tif: 981 773377  
**TEIXEIRO** - R/ Martínez Pardo nº13, 1º  
esq / Tifno. 981 789 781  
**SAN SADURNINO** - Lugar de Outeiro s/n  
981 490430  
**O BARCO** - Casa sindical  
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723  
**VERÍN** - Travesía de Sousas nº 20,  
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988  
590439  
**RIBADAVIA** - R/ Virxe do Portal, nº11.  
Tif. 988 477230 Fax. 988477230  
**XINZO** - Casa Sindical Tif. 988 462547  
**LUGO** - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.  
Tif. 982 231154  
**SARRIA** - Rúa Calvo Sotelo 108,  
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862  
**CHANTADA** - Praza do Concello, baixos  
AISSTII/Fax: 982 462103  
**A FONSAGRADA** R/Fonte, nº3, baixo. Tif.  
982 350 080  
**ESCAIRÓN** - Local da Cámara Agraria  
**RIBADEO** - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.  
Tif/Fax. 982 130615  
**LOURENZÁ** - Avda. Fernández Del Riego,  
5 - 1º C. Tif. 982 12+6  
**VIALBA** - Cidade de Viveiro 1 ent. A.  
Tif.982 512431  
**MEIRA** - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño  
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714  
**A ESTRADA** - R/ Capitán Bernal nº10, 1º  
Tif/Fax 986 573232  
**LALÍN** - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.  
986 792 268  
**SILLEDA** - Av. do Parque, 32  
Centro comercial O Parque, oficina 12  
986 580526  
**PONTEAREAS** - R/ Dos Amieiros,portal  
1ºA, 1ºC. 986 641508  
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00  
**O ROSAL** - R/ Ramón Franco, Edif.  
Rosales. Tif. 986 625 394  
**O SALNÉS**  
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,  
Ribadumia. Tif. 986 718 526

## 2 / Sumario

nº 289  
Outono de 2011



### Editorial

|                                 |   |
|---------------------------------|---|
| ■ A democracia secuestrada..... | 3 |
|---------------------------------|---|




### Galiza

|                                                                                             |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| ■ A campaña contra as forestacións ilegais esténdese a toda Galiza.....                     | 4/5 |
| ■ O SLG rexeita o uso de lodos de depuradora como abono agrícola.....                       | 5   |
| ■ Os plans de pensións e xubilacións.....                                                   | 6   |
| ■ Un milleiro de sinaturas para esixir solucións aos danos causados pola fauna salvaxe..... | 7   |
| ■ Deficiencias na retirada de cadáveres animais.....                                        | 9   |

### Aldea Global

|                                                                        |       |
|------------------------------------------------------------------------|-------|
| ■ A PAC que propón Bruxelas segue sen garantir as rendas labregas..... | 10/11 |
| ■ Os transxénicos ameazan a produción apícola galega.....              | 12    |



### Caderno central: VIII Congreso do SLG



|                                                                                                                 |       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| ■ Informe sindical: "A nosa loita é contra un sistema que destrúe ás persoas, á xente labrega e aos pobos"..... | 14/15 |
| ■ Unha demanda común de todos os sectores produtivos: prezos xustos.....                                        | 16/17 |
| ■ Clausura: "A alimentación é un dereito e por iso defendemos a soberanía alimentaria".....                     | 19    |

### Sectores Gandeiros

|                                                                                                                                                                |       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| ■ Entrevista a Xosé Álvarez Lombardero, vocal na IXP Tenreira Galega: "A filosofía do SLG en Tenreira Galega foi a defensa das explotacións tradicionais"..... | 21    |
| ■ Xunta e Goberno do Estado: culpables da crise do sector lácteo.....                                                                                          | 22/23 |



### Sectores Vexetais



|                                                                     |    |
|---------------------------------------------------------------------|----|
| ■ Industria e almacenistas afofan ao sector da castaña.....         | 25 |
| ■ "Fóra do contrato, a pataca págase a 6 e 8 céntimos o quilo"..... | 25 |
| ■ O viño na Galiza: Calidade ou cantidade.....                      | 26 |

### Montes

|                                                                               |    |
|-------------------------------------------------------------------------------|----|
| ■ A Xunta teima cunha Lei de Montes contra a agricultura e o medio rural..... | 27 |
|-------------------------------------------------------------------------------|----|

### Mulleres

|                                                                            |       |
|----------------------------------------------------------------------------|-------|
| ■ Lei de Titularidade Compartida: un logro da Secretaría das Mulleres..... | 28/29 |
|----------------------------------------------------------------------------|-------|

O Fouce está cofinanciado pola:



# A democracia secuestrada

**D**urante este mes de novembro, os gobernos lexítimos de Greza e de Italia, saídos das urnas, foron obrigados a dimitir polos chamados mercados. Foron substituídos por outros gobernos de tecnócratas, segundo nos din, e sen ningún proceso electoral. Isto non deixa de ser unha nova forma de golpe de Estado, onde as armas dos militares son substituídas pola chantaxe económica dos mercados. En Greza, ademais, impediron que a cidadanía expresara se estaba disposta a aceptar as políticas de axuste impostas pola Unión Euro-pea para recibir o diñeiro do fondo de rescate.

Pois ben, estes acontecementos, na Europa que se di democrática, son tremendamente graves, e poñen de manifesto a grande hipocrisía dos nosos gobernantes, dos medios de comunicación maioritarios e de todas aquelas organizacións que non denuncian, nin se opoñen, a este secuestro da democracia.

Unha democracia xa bastante limitada, onde a participación da cidadanía non vai moito máis aló do dereito a depositar un voto nos diferentes procesos electorais, e ás veces nin iso: A xulgar polo que aconteceu en Greza e en Italia se, a pesares da manipulación informativa, non teñen moi claro que os resultados van favorecer os intereses dos especuladores que se esconden baixo o nome de "mercados", ou sexa a banca e demais inversores, entón nin acudir a votar nun proceso electoral se consente.

Estes feitos poñen de manifesto que non están dispostos a arriscarse, nin a permitir que a cidadanía tome a palabra, non fora ser que Greza seguise o exemplo de Islandia. En Islandia o pobo fixo



dimitir ao goberno; nacionalizaron os bancos mais importantes; decidiron en referendo, co 93% dos votos, non pagar a débeda que os propios bancos xeraran con Holanda e Gran Bretaña; e, ademais, abriuse un proceso xudicial contra os responsábeis da crise, sendo detidos banqueiros e altos executivos.

Tamén resulta rechamante que, con tanta información do que pasa no mundo, o exemplo da revolución cidadá que se deu en Islandia non apareza por ningures. Está claro que non queren que se coñeza.

As durísimas políticas de axuste que estamos empezando a vivir hoxe, xa están tendo impactos tremendos na poboación. Os xornais xa dan conta de novas como que o 25% dos e das menores de 16 anos no Estado Español teñen

carencias alimentarias, porque as familias non poden comprar a froita, a carne ou o pescado para aportar as vitaminas e proteínas necesarias para a súa correcta alimentación; que en Greza, onde este ano aumentaron nun 65% as familias que solicitan ingresar aos seus fillos e fillas en institucións sociais públicas ou privadas porque elas non poden alimentalos; ou que na Galiza se está negando asistencia médica e medicinas ás persoas sen recursos.

Non podemos resignarnos pensando que a única alternativa é a que dan os gobernos para "calmar aos mercados", sumíndonos ás clases populares cada vez máis na pobreza; e aumentando a fame, a miseria e a exclusión social. Sabemos que hai alternativas e que outro mundo máis xusto é posíbel; cómpre loitar por elas.

# A campaña contra as forestacións ilegais esténdese a toda Galiza

O SLG realizou accións de denuncia en parroquias de O Pino, Becerreá, Castroverde, Vilalba e A Estrada

*O outono comezou cunha intensificación da campaña de denuncia que o Sindicato Labrego está desenvolvendo contra as forestacións ilegais na Galiza. Accións levadas a cabo en O Pino,*

*Becerreá, Castroverde, Vilalba e A Estrada serviron para chamar a atención sobre a violación xeneralizada da lei que se está a dar con plantacións forestais en terras agrarias ou que non*

*respectan as distancias con respecto aos núcleos de poboación ou ás leiras de labor; un problema que habería que situar na raíz dunha das peores vagas de incendios que sufriu o noso País.*



## ■ O Pino: plantacións que non respectan distancias

A primeira acción fíxose o 19 de setembro en San Vicente do Pino (O Pino). Alí, Xosé Manuel Calvo e Lourdes Varela, que rexentan unha explotación de leite en Oroso, denun-

ciaban unha plantación de eucaliptos posta a escasos centímetros dunha leira na que botan millo. Esta leira ten 3'62 hectáreas, foi arrendada ao Bantegal, e xa comeza a sufrir as consecuencias do plantío veciño: as ringleiras de

millo a carón do eucaliptal non medran; mentres os eucaliptos de máis preto son os máis grandes ao roubar os nutrientes do millo. Neste caso, o plantío forestal non respectaba os 6 metros de distancia que debía gardar por lei.

## ■ Becerreá: piñeiros nos prados e eucaliptos a carón das casas

O 6 de outubro tocou Becerreá. Alí, visitáronse as terras dunha explotación de vacún de carne en Vilar de Ousón, rexentada por Xosé Antonio López e

Carmen García, e invadidas por varias plantacións de piñeiro que foron feitas, de xeito ilegal, en solo de especial protección agropecuaria, onde non pode haber árbores. A outra explotación visitada foi a de Pilar Rodríguez

Cando, tamén de vacún de carne, e que está en Acebo (parroquia de Penamaior). Alí, as plantacións de eucaliptos chegan até o limiar das casas cando, por lei, non poderían estar a menos de 50 metros.



## ■ Castroverde: todos os tipos de infracción contra unha soa explotación

O 19 de outubro, as denuncias leváronse até Arrubial, parroquia de Páramo, (Castroverde). Alí, Henrique López e Ignacio Arias, que com-

parten unha explotación leiteira e a traballan xunto coa súa familia, teñen praderías e instalacións agrarias totalmente invadidas por plantíos ilegais de piñeiro e eucalipto e sofren todas as modalidades de infracción posi-

bles: plantacións forestais en terra agraria; e plantíos que non respectan as distancias legais esixidas respecto a fincas veciñas, como os que teñen a cinco metros escasos das naves onde gardan maquinaria e outros apeiros.

## ■ Vilalba: unha cooperativa de leite á que lle quitan 4'5 hectáreas para o millo

O 10 de novembro, as denuncias foron en Santaballa (Vilalba), onde se puideron ver plantacións ilegais de eucalipto e piñeiro en terreos de con-

centración parcelaria que só poden ser utilizados para usos agrarios. Lupe Prado, gandeira socia dunha cooperativa leiteira nesta parroquia, explicou que, até hai ben pouco, tiñan 4'5 hectáreas arrendadas nas que plantaban

millo para alimentar ao gando. Mais, recentemente, os donos das fincas arrendáronllas a empresarios que de fóra que só as queren para plantar eucalipto destinado, previsiblemente, a queimar para producir enerxía.



## ■ A Estrada: horta sen luz por forestacións en terreos de concentración parcelaria

En Vilancos (Berres, A Estrada) fíxose unha acción de denuncia o 16 de novembro. Alí, a familia Touceda ten unha explotación de horta nunha zona de concentración par-

celaria onde están prohibidas as plantacións forestais. A pesares diso, en 2008, plantáronse castiñeiros e freixos para a produción de madeira nas fincas veciñas. Dende aquela, a familia Touceda sufriu as consecuencias: boa parte das colleitas non

reciben a luz do sol até ben pasado o mediodía, coa mingua produtiva e o incremento de enfermidades debidas á humidade que iso supón; ademais, a folia que cae das árbores cobre as terras de labor e véñse na obriga de retirala a man.

## Máis de duascentas denuncias en toda Galiza e nin unha resposta da Xunta

Todas estas accións de denuncia tiveron en común que, a pesares de ser denunciadas por vía administrativa, nin a Xunta nin os concellos afectados moveron un dedo para repoñer a legalidade ou para sancionar aos infractores. De feito, o SLG asesorou o trámite de máis de 200 denuncias en toda Galiza que non obtiveron resposta.

A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, relacionou estas plantacións forestais ilegais en terras agrarias coa vaga de incendios que asolou Galiza neste verán e ao comezo do outono. Carme Freire declarou que “hai unha lei que nos protexe, supostamente, dos incendios, impedindo que Galiza se converta nunha gran masa boscosa ao pé dos núcleos de poboación que poña en perigo a estes en caso de incendio; e que prohibe a forestación de terras agrarias. Nembargante, coa total inhibición da Xunta, se están forestando terras de vocación agraria en todas as comarcas galegas. Ademais, se lles está usurpando ás explotacións do noso país a base territorial que necesitan para seguir producindo alimentos e para continuar coa súa actividade”.

Carme Freire denunciou a existencia dun plan consciente da actual Xunta para legislar e ceder a terra para a produción de alimentos do noso país ás industrias da celulosa e da produción de enerxía a partir de agromasa. De feito, os cambios legislativos que pretende introducir a Consellaría de Medio Rural coa Lei de Montes e a Lei de Mobilidade de Terras potenciarán, e mesmo legalizarán, este tipo de prácticas agora ilegais (ver páxina 27).

## O SLG rexeita o uso de lodos de depuradora como abono agrícola

A Xunta pretende reciclar refugalloos industriais e urbanos nas terras agrarias

*O Sindicato Labrego pediu a retirada inmediata do decreto da Xunta que pretende regular a utilización de refugalloos e lodos das depuradoras na agricultura. O rexeitamento do SLG xustifícase porque*

*utilizar lodos de depuradora como abono ten un grande risco para a saúde das persoas, para o medio ambiente e para o mantemento das actividades agropecuarias como medio de vida no noso rural.*

O SLG presentou un documento con once alegacións á proposta de decreto de utilización de lodos na agricultura, que a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Xunta presentou a consulta pública no mes de agosto.

Para o Sindicato Labrego, utilizar terras agrarias para reciclar os refugalloos das depuradoras dos centros urbanos é un paso máis que afonda na ocupación das leiras produtivas do noso país en actividades que nada teñen que ver coa produción de alimentos.

Resulta curioso que na proposta de decreto se protexan as zonas residenciais, comerciais ou turísticas, que son produtoras netas da contaminación que as depuradoras filtran e, polo tanto, orixe dos lodos que queren reciclar nas nosas terras.

### ■ Facer da terra agraria un sumidoiro

Por puro sentido común, o SLG recordoulle a Medio Rural que “non se pode usar a terra para a produción de alimentos como sumidoiro dos residuos urbanos e industriais, polo que iso implica de contaminación da terra e de inseguridade para a saúde das persoas”.

Nas alegacións, o SLG acusa á Xunta de continuar, con esta proposta de decreto, “as políticas actuais de desmantelamento do sector agrario e de ocupación de terras agrarias con outros usos”. Nesta liña habería que encadrar as Directrices de Ordenación do Territorio, ou as últimas modificacións feitas á Lei do Solo.



Protestas diante do Concello de San Francisco (EEUU) pola política deste de destinar lodos de depuradora ás hortas urbanas da cidade

## Contaminar primeiro para pagar despois o canon da auga

Chama a atención a oportunidade de negocio que se albisca coa utilización de lodos industriais e urbanos en agricultura á luz da Lei de Augas: se ben a Xunta prometeu, de palabra, que non se lles ía cobrar o canon da auga ás actividades agropecuarias, tamén dixo que pagarían aquelas explotacións que contaminasen.

Ademais, a proposta de decreto para a utilización de lodos industriais e urbanos en agricultura presentouse dun xeito escuro, sen someter o texto a consulta do Consello Agrario de Galiza, ou ocultando deliberadamente anexos que son indispensables para coñecer as consecuencias totais da aplicación do mesmo, como aquel que establece os límites da presenza de metais pesados nos lodos.

Estratexias para a privatización (3)

# Os plans de pensións e xubilación

*A tardanza con que a mocidade se incorpora á vida laboral, a precariedade do emprego, o atraso da idade de xubilación e o anuncio dunha redución nas pensións, son fac-*

*tores que levan a moitas persoas a pensar na posibilidade de acollerse a un plan de pensións ou de xubilación. Nas propias declaracións da xente que nos goberna, ao cuestionar a*

*sostenibilidade do sistema público de pensións se alenta a contratación de plans de pensións privados. Mais non é ouro todo o que reloce e haberá que prestarlle atención á letra pequena...*

No Sindicato Labrego consideramos que todas as persoas temos dereito a unha xubilación digna. Neste senso, os gobernos deben garantírnos pensións públicas sufragadas polos impostos que nos permitan vivir con dignidade na vellez.

Tanto os plans de pensións como os plans de xubilación son produtos financeiros cunha rendibilidade baixa, independentemente de que nos atopemos ou non en situación de crise económica. Nunca soben por riba do IPC anual. No meirande dos casos, a rendibilidade atópase por baixo doutros produtos financeiros, e case sempre por baixo do 2%.

Os plans de pensións non deixan de ser un fondo de inversión, con particularidades. Por iso, a non ser que o produto contratado estea garantido, é posible ter perdas. E isto é algo que todos os aforradores e aforradoras deberían ter en conta.

A crise financeira orixinada polas hipotecas *subprime* e a recente quebra de Lehman Brothers descubriu a realidade de moitos plans de pensións que, en teoría, tiñan baixo perfil de risco, pero investidos en activos non tan seguros. Así, moitas investidoras e investidores atopáronse con fortes perdas nos seus plans de pensións e, polo tanto, nos seus aforros para a xubilación.

Os plans de pensións privados son grandes negocios para as aseguradoras e os bancos a costa dos aforros das persoas que os subscriben. As persoas, na maior parte dos casos, non son conscientes das excesivas comisións, nin dos problemas de xestión.

## ■ Que son os plans de pensións?

Un plan de pensións é un produto financeiro polo que calquera persoa, despois de pagar cotas regulares ao cabo de cada ano, pode chegar a cobrar unha renda cando se xubile. Esta renda pode ser en cotas mensuais ou nun só pago. Non se permite o rescate até a xubilación, agás nos casos de morte, invalidez ou desemprego de longa duración.

O capital a cobrar, de estar garantido, é o diñeiro que aportou durante todo o tempo, máis o rendemento que xerou a inversión xestionada pola entidade responsable do plan. Este rendemento nunca está garantido. A maiores, haberá que descontar as comisións que, en moitos casos, acaban coméndose a escasa rendibilidade.

A cota a pagar pode ser mensual, trimestral, semestral ou anual, a gusto do cliente. Pódese reducir, aumentar ou incluso suspender temporalmente. Tamén se poden facer achegas únicas pola cantidade que se queira. A única condición é que os ingresos desgravables teñan un límite anual.

Os plans de pensións son produtos atractivos para as rendas máis altas, pero non só para complementar a pensión senón, sobre todo, porque é a mellor fórmula para rebaixar a factura fiscal de cada ano, podendo chegar a desgravar até o 75%. Ao final, cando chegue a hora da xubilación, o capital recibido polo plan de pensións considerárase rendemento do traballo, polo que algunhas persoas acabarán pagando máis impos-



"Este é o noso novo plan de pensións"

tos que os que aforraron anos antes.

## ■ Que son os plans de xubilación?

Un plan de xubilación é un produto financeiro menos estendido que o de pensións e diferénciase deste nos seguintes aspectos:

1. Pódese sacar o diñeiro cando se desexe. Este "rescate" será penalizado pagando comisións moi altas. O plan de xubilación contempla tamén a cancelación parcial, coa posibilidade de reingresar, ou non, ese diñeiro.
2. As cotas non desgravan na declaración da renda a Facenda.
3. A rendibilidade normalmente é menor que a que se acada cos plans de pensións.

## A modo de conclusión:

O Sindicato Labrego Galego quere deixar constancia dunha realidade que, moitas veces, disfrazan as compañías que ofrecen estes produtos.

Se o que pretendemos é ter unha pensión de xubilación maior, e somos traballadores ou traballadoras por conta propia, o máis rendible é subir a cota mensual a pagar á Seguridade Social; pero se o que queremos é aforrar ou investir os aforros, cada persoa debe valorar cal é o xeito e o produto que máis lle interesa. Por iso, o obxectivo deste artigo só é dar información.

## Un milleiro de sinaturas para esixir solucións á fauna salvaxe

O SLG pide a Medio Rural que deixe de ficar pasiva diante dun problema que afecta a toda Galiza

*A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, acompañada do responsable dos sectores gandeiros, Adolfo Cabarcos, rexistraron, o 3 de outubro, ante a Consellaría de Medio Rural, máis dun milleiro de sinatu*

*ras para esixir a Samuel Juárez que asuma as súas responsabilidades e articule, dunha vez por todas, solucións aos danos que a falla de control da fauna salvaxe está a provocar en toda Galiza.*

Carme Freire denunciou que a crítica situación económica pola que pasan as explotacións galegas, pola suba xeneralizada dos custos de produción e o estancamento ou baixada dos prezos en orixe, se está vendo agravada por varias especies de animais salvaxes que se converteron en praga e que están estragando as semenzas e colleitas de cultivos coma o millo ou a pataca, cando non matan ou feren gravemente ao gando, ou mesmo supoñen un risco grave para as persoas.

A responsabilidade para controlar a fauna salvaxe é unha competencia da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, dependente da Consellaría de Medio Rural, que se deixou en mans dos coñecidos como territorios cinxeticamente ordenados (Tecor). Nembargante, Freire afirmou que “os tecores xa demostraron con creces que non teñen capacidade para manter controlada a poboación da fauna salvaxe en Galiza que está estragando as nosas colleitas e matando ao noso gando”.

### ■ Sen políticas de control nin indemnizacións

Por iso, o Sindicato Labrego Galego reclama que a Consellaría de Medio Rural tome as rendas do problema e deseñe unha política e unha estratexia para manter controlada a poboación da fauna salvaxe da Galiza, de maneira que a súa existencia poida ser compatible coas producións agrogandeiras e coa vida das persoas no campo.



Carme Freire e Adolfo Cabarcos no intre de rexistrar o milleiro de sinaturas esixindo solucións aos ataques da fauna salvaxe

Carme Freire sinalou que a pasividade da Consellaría de Medio Rural diante deste grave problema está propiciando que sexan as propias explotacións labregas as que estean custeando a manutención da fauna salvaxe galega coas súas colleitas e cos seus animais, algo polo que as

explotacións agrogandeiras na Galiza teñen perdas millonarias, en euros, todos os anos. Nin sequera existe na Galiza algo tan básico, aínda que insuficiente, como son as indemnizacións directas para compensar estes danos, que desapareceron hai un par de anos.

## A forestación ilegal favorece que algúns animais se fagan praga

O responsable dos sectores gandeiros no SLG, Adolfo Cabarcos, tamén sinalou como parte do problema o desleixo da Xunta á hora non impedir as forestacións ilegais de terras agrarias, un fenómeno que se dá tamén en todo o noso país e que está aumentando exponencialmente a superficie que utilizan como hábitat os animais salvaxes, e fomentando que a poboación de especies como o lobo, o xabaril, os corzos ou os corvos acaden a dimensión dunha auténtica praga. Un primeiro paso para manter controladas a estas especies sería impedir a invasión ilegal de terras agrarias por plantíos forestais e a obriga de que as leiras que foron ocupadas recuperen o seu uso agrario orixinal.

## Atrasos nos plans de mellora por falla de persoal na oficina agraria de Ordes

As explotacións de Ordes que solicitaron un plan de mellora estanse atopando con que a falla de persoal técnico na oficina agraria comarcal está atrasando varios meses o cobro destas axudas. No Sindicato Labrego Galego constatamos a existencia de expedientes que xa foron completados e xustificados en xuño, pero que permanecen sen certificar nin resolver dende aquela.

Na conxuntura agraria actual, cos custos de produción disparados debido ao impacto da seca; e os prezos en orixe estancados en niveis de miseria en sectores estratéxicos para esta comarca coma o lácteo, o atraso no cobro destas axudas supón un grave problema de liquidez para as explotacións afectadas. Así llo fixo saber, o pasado 17 de outubro, o secretario de Ordenación Territorial e Infraestruturas do SLG, Xosé Manuel Calvo Rei, ao director xeral de Producción Agropecuaria, Xosé Álvarez Robledo. Na conversa mantida entre Xosé Manuel Calvo e Robledo, o director xeral admitiu coñecer o problema e afirmou que a Consellaría de Medio Rural estaba facendo xestións para que os plans de mellora fosen certificados antes de que rematase o ano.

Así e todo, o Sindicato Labrego Galego manterase vixiante de cara a comprobar que se realizan as xestións necesarias para axilizar e sacar adiante os plans de mellora de maneira que as explotacións beneficiarias poidan cobrar os cartos a que teñen dereito o antes posible.

O SLG enmarca esta falla de recursos cos recortes e a privatización de servizos públicos que está a sufrir o medio rural, en xeral, e as explotacións agrogandeiras, en particular, en toda Galiza.

## Primeiro Mercado Agroecolóxico na Feira de San Martiño, en Teo

O 11 de novembro, con motivo da feira de San Martiño en Teo, o SLG colaborou co Concello no primeiro mercado agroecolóxico que se fai nesta celebración tradicional.

Ademais, na I Feira Agroecolóxica do San Martiño, houbo dúas charlas didácticas relacionadas coa agricultura ecolóxica e a produción local: unha sobre consumo responsable no marco da

soberanía alimentaria, e outra sobre a produción local como alternativa de futuro, ambas a cargo de produtoras e produtores do SLG.

Con este mercado, o SLG quixo incitar á sociedade a reflexionar sobre a súa alimentación, de cara a mudar hábitos de consumo na procura dunha alimentación con produtos agrarios saudables, de calidade, e ligados sempre á produción local.



Á venda de produtos sumáronse charlas para concienciar á xente



Carme Freire compartiu coa afiliación do Deza a inauguración do local

## O Sindicato Labrego inaugura un novo local para a comarca do Deza

O Sindicato Labrego inaugurou, o 20 de outubro, un novo local en Lalín para atender á afiliación da comarca do Deza. As novas instalacións están na rúa Monte Faro nº 28, contan con 117 metros cadrados, e permitirán ofrecer mellores servizos e atención á afiliación da bisbarra grazas a unha maior amplitude có inmobile anterior, o que posibilita ter unha sala para o desenvolvemento

de actividades formativas. No acto inaugural estivo a secretaria xeral do SLG, Carme Freire; ademais de María Fernández, que continuará como responsable sindical na bisbarra deza.

A inauguración do local xa serviu para compartir e debater, coa afiliación da comarca, a nova proposta da Política Agraria Común recentemente presentada pola Comisión Europea.

## Apoio ás manifestacións celebradas en defensa da Sanidade Pública

O Sindicato Labrego Galego apoiou coa súa presenza as manifestacións organizadas, o 27 de outubro, a Plataforma SOS Sanidade Pública, que mobilizaron a miles de persoas en vilas e cidades como Compostela, A Coruña, Vigo, Pontevedra, Burela, Ferrol, Lugo, Ribeira, O Barco ou Monforte.

Con estas manifestacións, a cidadanía quixo apoiar o sistema sanitario público e

rexear as políticas de recorte e privatización que está desenvolvendo a Xunta e a Consellería de Sanidade, e que están a ter un impacto enorme no medio rural.

Unha vez máis, o SLG expresou que non está disposto a tolerar que, co pretexto da crise sanitaria, se recorte ou privatice o dereito fundamental a ter unha asistencia sanitaria pública, gratuíta e de calidade.



Todas as manifestacións pola sanidade pública foron multitudinarias

## O SLG denuncia deficiencias na retirada de cadáveres animais

Unha gandeira de Forcarei tivo que agardar máis de tres días para que lle recolleses unha vaca morta

*A María Xesús Martínez, gandeira que rexenta unha explotación leiteira en Quintela (Dúas Igrexas, Forcarei), morreu unha vaca na noite do 20 ao 21 de outubro. En canto se fixo de día,*

*avisou ao servizo de recollida de cadáveres animais, que na Galiza está xestionado pola empresa privada Gesuga (Gestora de Subproductos de Galicia S.L.). Non sabía o que lle agardaba.*

O normal tería sido que esta empresa recollese o cadáver da vaca ese mesmo día, ou ao día seguinte a máis tardar; pero pasou toda a fin de semana, e a vaca seguía no mesmo lugar onde morrera.

Finalmente, Gesuga retirou o cadáver pasado o mediodía do luns 24 de outubro; cando o fixo, o animal morto xa fora atacado por animais preeiros. Nesta ocasión houbo sorte, pois cadrou que fixo tempo frío e chuvioso; en caso de tempo soleado, a calor tería acelerado a descomposición do cadáver, co conseguinte risco sanitario para a saúde das persoas e dos animais da contorna.

Este caso é un de tantos que están a acontecer na Galiza dende que a Consellaría de Medio Rural privatizou o servizo de recollida de cadáveres animais. É un caso máis de privatización dun servizo ao medio rural ou ás explotacións agrogandeiras que deriva en serias deficiencias de xestión que non se darían en caso de ser este un servizo público que contase cos recursos da Administración para poder ofrecerse cun mínimo de calidade. No caso da recollida de animais mortos nas explotacións, é obrigatorio que sexan retirados unicamente pola empresa que ten a concesión do servizo, e finánciase cun seguro que teñen que ter subscrito os gandeiros e as gandeiras. É dicir, a privatización obriga a pagar por un servizo que non reúne os mínimos de calidade esixidos.



O atraso dos servizos de recollida de cadáveres animais propiciaron que a res morta fose atacada por preeiros durante a noite

## Hai alternativas que, ademais, paliarían os ataques dos lobos

O Sindicato Labrego Galego ten denunciado esta situación varias veces diante da Consellaría de Medio Rural. Mesmo ten esixido o estudo de alternativas á retirada obrigatoria e privatizada dos cadáveres animais das explotacións; a última vez que o fixo foi na permanente do Consello Agrario Galego, o pasado 7 de outubro. Estas alternativas pedidas polo Sindicato Labrego obedecen ao grande aumento dos ataques da fauna salvaxe -sobre todo de lobos- que se experimentou dende que se retiran os animais das explotacións para incineralos. Isto débese a que, coa incineración dos cadáveres de reses mortas, se quitou da cadea trófica unha fonte importante na alimentación da fauna salvaxe, que cada vez baixa máis aos núcleos habitados para buscar o seu sustento, co grave risco de seguridade das persoas e abondosas perdas económicas que isto provoca.

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego insistiu na necesidade de parar xa o proceso de privatización de servizos ao medio rural e ás explotacións por parte da Xunta de Galicia, de cara a garantir a calidade dos mesmos; amais de buscar novas alternativas á incineración dos animais que morren nas explotacións.

## A xente afectada polo eólico do Couto de San Sebastián rexeita alugar os terreos

O Sindicato Labrego Galego da comarca de Tabeirós-Terra de Montes convocou unha asemblea informativa no local de Olives-Pazos, tras constatar que a empresa Airosa Vento S.L. estaba visitando á veciñanza afectada polo proxecto de parque eólico do Couto de San Sebastián para que asinasen os contratos de aluguer das terras no prazo dunha semana.

A asemblea fíxose en colaboración coa Asociación de Veciños e Veciñas de Fraiz e coa Asociación de Propietarios de Montes de Olives, e celebrouse o 21 de outubro.

O proxecto de Airosa Vento para o parque eólico do Couto de San Sebastián obtivo a máxima puntuación no concurso convocado pola Xunta, mais aínda está pendente de aprobación por parte da Consellaría de Industria.

### ■ Un novo abuso das industrias do vento

Para o Sindicato Labrego Galego, a tentativa de Airosa Vento de que a veciñanza asine xa os contratos supón un abuso, pois aparte de non terse aprobado aínda o proxecto, este non foi sometido a exposición pública, polo que ningún veciño nin veciña coñece aínda o seu contido nin de que xeito impactará nas terras afectadas.

Debido ao descoñecemento do proxecto, ao estado de tramitación e ao longo proceso que aínda lle queda, non existe ningunha razón que aconselle asinar os contratos nestes momentos, de maneira que dende o Sindicato Labrego Galego de Tabeirós-Terra de Montes se fixo un chamamento aos veciños e veciñas para que non asinasen.

# A PAC que propón Bruxelas segue sen garantir as rendas labregas

A Comisión Europea segue sen introducir medidas que aseguren uns prezos dignos e remuneradores

*O 12 de outubro, o Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, adiantaba as liñas da reforma da Política Agraria Común (PAC) que a Comisión Europea pretende levar a cabo o ano que vén.*

*Ao día seguinte, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, e Isabel Vilalba, como membro do Comité Coordinador da Coordinadora Europea da Vía Campesina*

*(ECVC), expresaban a frontal oposición a uns novos plans da Comisión que, coma sempre, só van beneficiar á agroindustria e aos grandes capitais con investimentos en agricultura.*

O 13 de outubro, todos os medios de comunicación e institucións centraron as súas valoracións respecto da reforma da PAC no xeito en como se van repartir as axudas. Fronte a isto, o Sindicato Labrego criticou que se desvíe a atención de cuestións fundamentais para a supervivencia do agro como a renda que perciben os labregos e as labregas pola venda dos seus produtos. O SLG recordou que, segundo datos de Eurostat (Axencia Europea de Estatística) o 70% da renda das explotacións labregas provén da venda destes produtos, polo que a PAC debería tratar de garantir e protexer ese tipo de ingresos fronte ao derivado dunhas axudas que, de primeiras, están orientadas a favorecer a grandes propiedades e terratenentes.

Para o SLG e a Coordinadora Europea da Vía Campesina, as rendas deben vir duns prezos xustos nos produtos agrarios, e iso só se pode conseguir con políticas de control dos mercados e da produción, non con axudas. A proposta de reforma da PAC presentada non contempla nin unha cousa nin outra; pola contra, afonda máis na liberalización dos mercados (desaparición de controis na produción como os dereitos de plantación de viñado en 2015 ou o remate do sistema de cotas leiteiras) e na privatización de servizos.

É dicir, preténdese dar continuidade á PAC aínda vixente, que botou a andar no 2003 e que, segundo datos de Eurostat, provocou o peche do 20% das explotacións

agrarias europeas. Dito en cifras: en 8 anos pecharon na Unión Europea 3 millóns de explotacións.

Por iso, o SLG instará a que se comece a falar nesta reforma da PAC de cómo se van regular os mercados, de cómo acabar coa actual situación na que son as multinacionais da industria e da distribución as que marcan ao seu antollo os prezos, levando á ruína a miles de explotacións. Está claro que as axudas non están servindo nin para manter o tecido produtivo no medio rural, nin para garantir unha alimentación sá e de calidade para a sociedade, nin para garantir a conservación do medio ambiente.



Isabel Vilalba e Carme Freire expresaron o rexeitamento da Coordinadora Europea da Vía Campesina e do SLG á reforma da PAC presentada

## Pretenden obrigar a pagar seguros privados como mecanismo para garantir rendas

Pola súa banda, Isabel Vilalba debullou polo miúdo algúns dos aspectos máis destacados da reforma da PAC e adiantou que, para o Sindicato Labrego Galego e a ECVC a nova proposta de PAC é “decepcionante”, denunciando que se contemplan as crises nos sectores agrarios como algo inevitable, proponendo como solución a estas outro novo paso no proceso privatizador da PAC: artellar seguros privados para que as explotacións os contraten de cara a asegurar as súas rendas. “Parécenos unha burla”, sentenciou Vilalba, “aceptar sen máis os problemas da agricultura e permitir que haxa quen faga negocio a costa das desgracias da xente”.

### ■ Axudas millonarias para a Duquesa de Alba e o Príncipe de Gales

O SLG e a ECVC criticaron que a nova PAC pretenda seguir dando cantidades millonarias do erario público a terratenentes e grandes propietarios da terra. Por exemplo, para ser activo agrario basta con cobrar en axudas unha cantidade que sexa o 5% ou máis dos ingresos non agrarios; é dicir, unha persoa que gañe 1.000.000 euros ao ano fóra da agricultura e, por riba, cobre 50.000 euros de axudas ou máis, será activo agrario. Tamén se priman na concesión de axudas factores como as hectáreas de superficie, fronte a outros fundamentais como os postos de traballo das explotacións, ou

a creación de tecido socioeconómico no medio rural.

No reparto dos cartos proposto tamén se ve claro: fíxase un tope máximo para a percepción de axudas da PAC de 300.000 (cifra á que só poden aspirar grandes industrias e capitais que fixeron algún investimento en agricultura), fronte aos entre 500 e 1.000 euros que poderán cobrar pequenas explotacións. É dicir: volverán recibir axudas millonarias a Duquesa de Alba, o Príncipe de Gales, o Manchester United ou a Benetton.

Unha PAC que beneficie ás grandes superficies, marxinará directamente a países coma Galiza, onde o meirande das explotacións son pequenas ou medianas.

## “Os labregos e as labregas non queremos axudas a cambio de rendas”

SLG e ECVC tamén criticaron que se tente disfrazar a esta PAC como defensora do medio ambiente, cando o tipo de medidas propostas fomentan un modelo de explotación de carácter industrial e sobredimensionado que é insostible dende punto de vista ambiental e social.

Na rolda de prensa, Carme Freire quixo deixar claro que “os labregos e labregas non queremos axudas a cambio de rendas. Cremos que as axudas están ben para fomentar o emprego agrario, para apoiar a produción sostible de alimentos ou para apoiar zonas rurais desfavorecidas. O que nos propón esta reforma da PAC para garantir as nosas rendas é que contrate-mos seguros. Isto é o mesmo que privatizar a política agraria, pagarlle a empresas privadas para que se garantan os nosos ingresos. E non imos pasar por iso”.

### Dato para a reflexión

Explotacións que pecharon na Unión Europea trala aplicación da reforma da PAC de 2003-2010:

**3.000.000**

### Propostas da nova PAC

Máximo a percibir polos grandes terratenentes:

**300.000 €**

por explotación

Ingresos fóra da agricultura que poderá ter quen cobre o tope de axudas da PAC:

**6.000.000 €**

Máximo a percibir polas pequenas explotacións:

**500 - 1.000 €**

por explotación

## O SLG contra as leis que recortan dereitos sociais na Unión Europea

A nosa organización opúxose ás seis leis do “gobierno económico europeo”

*O Sindicato Labrego Galego amosou o seu máis firme rexeitamento ás seis medidas lexislativas sobre o “gobierno económico europeo” que se aprobaron en Bruxelas, o pasado 28 de setembro, por*

*considerar que afondan aínda máis na brutal política de recortes sociais á que se nos está a someter en conivencia da banca, as grandes corporacións e boa parte da clase política que nos goberna.*



Os partidos políticos maioritarios no Parlamento Europeo -nomeadamente, dereita e socialdemocracia- volveron demostrar que gobernan de costas á cidadanía e a favor dos intereses da banca

A pesares de que estas medidas dán carta branca para atacar a dereitos fundamentais das persoas, debatéronse de costas á xente, sen facer ningún tipo de consulta pública nin referendo, e ás agachadas, no máis absoluto escurantismo.

Estas novas leis permiten ás institucións da Unión Europea intervir e tomar decisións sobre os orzamen-

tos públicos dos estados membros, sobre as prioridades da política económica e social, así como os dereitos laborais e sociais de cada país, de xeito totalmente antidemocrático, sen rendición de contas, e a través de procedementos inmunes á presión e control públicos.

Tamén se lle dán á Comisión Europea amplos poderes de control sobre a

aplicación de novas medidas de austeridade para impor fortes multas aos estados membros se incumpren as normas. Cómpre lembrar, neste particular, que a Comisión Europea é un organismo non elixido, burocrático e fortemente influenciado pola presión que exercen sobre ela a patronal europea e o gran capital.

## Leis que prolongarán a crise e permitirán recortar aínda máis os dereitos sociais

Está claro que estas propostas farán que a cidadanía europea teña que pagar aínda máis pola cobiza e o enriquecemento criminal da banca e das grandes corporacións. O máis probable é que estas medidas prolonguen a crise e dean carta branca para que se recorten máis os dereitos sociais.

Para o Sindicato Labrego Galego, con estas medidas legalízase o secuestro da cidadanía europea a mans da banca e das grandes corporacións, un auténtico golpe de estado á

democracia que contou cos principais partidos políticos europeos como sicarios e executores.

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego asinou un manifesto, xunto organizacións sociais de toda a Unión Europea, para oporse a este novo atropelo aos dereitos da cidadanía e ás bases que fundamentan os nosos sistemas democráticos. O manifesto pode lerse, en galego e na Internet, no enlace que aparece a continuación:

<http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=3&i=730>

# A manipulación xenética ameaza á produción apícola galega

A Xustiza obriga a un labrego alemán a destruír todo o seu mel por conter pole de plantas transxénicas


*O Tribunal de Xustiza da Unión Europea fallou, en setembro, que a presenza de transxénicos sobre o pole ou o mel necesita unha autorización específica. Polo tanto, todo mel onde*

*aparezan restos de transxénicos -e isto acontecerá sempre que unha abella chuche o pole dunha planta transxénica- haberá que destruílo porque non está contemplado este tipo de produto.*

*A sentenza produciuse trala denuncia dun apicultor alemán que tivo que destruír toda a súa produción de mel por estar contaminada con pole de plantas manipuladas xeneticamente.*

O fallo do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten que servir para que, dunha vez por todas, as administracións se tomen en serio o perigo que os transxénicos supoñen para a biodiversidade, a saúde, e mesmo para a democracia. Esta sentenza pon de manifesto, unha vez máis, o que o Sindicato Labrego leva denunciando durante anos: A coexistencia é imposible.

As administracións están sendo cómplices da imposición dos transxénicos á cidadanía. O caso máis escandaloso é o do Estado Español, o primeiro país europeo no podio de superficie cultivada con OXMs (70.000 hectáreas de millo transxénico e a metade dos experimentos ao aire libre que se fan na UE), e onde non se dá información sobre estes cultivos manipulados nin dos experimentos fóra de laboratorio. Por iso, o mel que se produce no Estado, e polo tanto, o da Galiza, en moitas zonas vai quedar nunha situación de ilegalidade para a venda.



A contaminación transxénica está garantida pola actividade polinizadora dos insectos e, especialmente, pola das abellas

## Complicidade descarada dos gobernos coas transnacionais

Esta situación pon de manifesto como os gobernos actúan en base aos intereses das transnacionais do negocio da manipulación xenética, sen importarlles as perdas ocasionadas aos labregos e labregas que non queren usalos e sofren a contaminación -como foi o caso deste apicultor alemán-, e sen importarlles tampouco a perda da biodiversidade que provoca a contaminación transxénica, nin os impactos sobre a saúde e, moito menos, o dereito das persoas a decidir o que queremos comer.

Dende o SLG, instamos ás institucións a escoitar á cidadanía europea, que masivamente rexeita os OXMs, para prohibir definitivamente a súa utilización na agricultura e na alimentación. Tamén facemos un chamamento ao Goberno Galego para que declaren Galiza libre de transxénicos, tal e como fixeron xa 26 concellos do noso País, e que actúe para que os labregos e labregas podamos traballar sen perigo de que se contaminen as nosas producións e tamén para que no mercado haxa penso e millo convencional limpo de transxénicos co que poder alimentar ao noso gando.

## Os OXMs tamén afectan directamente á gandería e á produción ecolóxica

Pero o mel non é a única produción agraria afectada. A polinización transxénica tamén a poden sufrir moitos produtos ecolóxicos e convencionais. É dicir: a irresponsabilidade dos nosos gobernos fai que as explotacións apícolas poidan perder toda a súa produción, que as explotacións ecolóxicas poidan perder a súa certificación, e que os cultivos convencionais sexan contaminados impunemente.

Dende o Sindicato Labrego Galego xa fai

anos que vimos demandando democracia e que se obrigue aos fabricantes de pensos a poñer no mercado a alimentación animal en convencional libre de transxénicos, xa que, dende que se aprobou a lexislación do etiquetado que obriga a dicir se un penso contén OXMs, sabemos que todo o penso convencional producido na Galiza leva transxénicos. En calquera momento poderían verse afectadas outras producións, como as gandeiras.

# O VIII Congreso do SLG reafírmase na soberanía alimentaria como garantía de futuro

A afiliación do Sindicato Labrego Galego decidiu dar o seu apoio unánime a un proxecto sindical que ten como pedra angular a reivindicación irrenunciable da soberanía alimentaria e a unha Dirección Nacional renovada.

Esta nova Dirección Nacional referendou a proposta da compañeira Carme Freire para volver ocupar a Secretaría Xeral, así como a composición da Executiva do SLG para o vindeiro período sindical.

Entre as decisións que se tomaron neste VIII Congreso destacan a do compromiso do Sindicato Labrego Galego de manterse na fronte de tres loitas fundamentais: polos **recursos produtivos**, polos **prezos** e polos **servizos públicos**.

Tamén se adoptou o acordo de solicitar a entrada como membros de pleno dereito na Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) para podermos “defender no Estado os intereses labregos da Galiza”.

A Dirección Nacional do SLG emanada do VIII Congreso decidiu revalidar a Carme Freire no cargo de secretaria xeral para os vindeiros catro anos



Informe do traballo sindical do SLG dende o VII Congreso a cargo de Carme Freire

## “A nosa loita é contra un sistema que destrúe ás persoas, á xente labrega e aos pobos”

*Catro anos de traballo da intensidade dos últimos que viviu o Sindicato Labrego Galego son moi difíciles de resumir nunha intervención duns poucos minutos. A secretaria xeral do*

*SLG, Carme Freire, fixoo en tres cuartos de hora que comezaron coa lebranza “á vida que transcende” de compañeiros e compañeiras de loita que nos deixaron como Mariano Lema,*

*Leopoldo López Rego ou Nicanor de Manzaneda “e doutras persoas a quen non sei poñerlles nome e que “transcenden polo compromiso social que tiveron e pola súa entrega”.*

Carme comezou o informe sindical lembrando a globalización da loita labrega dende o seo da Vía Campesina e en foros como a V Conferencia Internacional da Vía Campesina en Maputo (Mozambique), en 2008; o Foro Social Mundial de Belem do Pará (Brasil), de 2009, onde se fixo un manifesto fundamental para os dereitos colectivos dos pobos sen estado e das persoas; a Conferencia da ONU que se celebrou en Madrid, tamén no 2009, baixo o auspicio do G8, que “tivo que escoitar a nosa voz e as nosas propostas aínda que non as tiveran no seu programa”; o Foro Mundial da Auga que se celebrou en Turquía no ano 2009, e onde xa se denunciabamos como membros da Vía Campesina, a privatización e mercantilización dun ben tan prezado como a auga; ou a conferencia da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) en Roma, en 2010, onde a compañeira Isabel Vilalba defendeu a agricultura labrega como único modelo posible contra a fame no mundo.

Carme tamén recordou as mobilizacións en Bruxelas durante a presidencia española da Unión Europea, ou a manifestación en Mérida (Cáceres), xunto aos compañeiros e compañeiras das organizacións da Coordinadora Europea da Vía Campesina, para esixir unha “Política Agraria Común sexa un ben para a sociedade e que pase, necesariamente, por unha regulación dos mercados para podermos vivir nós do noso traballo, e para que a



Os últimos anos de traballo desenvolvido polo SLG foron revisitados no informe sindical de Carme Freire e obtiveron o visto bo da afiliación

ciudadanía non teña nas súas vidas nin nos seus pratos esa dependencia absoluta das multinacionais, que nos quen imponer a alimentación”. Tamén en relación ás nosas propostas dunha nova PAC, mantivéronse encontros coas persoas que dirixiron a Comisión de Agricultura da UE, Mariann Fischer Boel e Dacian Ciolos; e coas ministras de Medio Rural, Elena Espinosa e Rosa Aguilar.

### ■ Merexo, Cardama, A Limia... Do global ao local

E dando un salto da loita global á loita local, Carme Freire recapitulou as diversas mobilizacións e demandas que se defenderon na Galiza, comarca a comarca: a loita contra a extracción de seixo pola empresa Erimsa, na Terra Chá; a loita contra as macropiscifactorías en lugares da Costa da Morte como Merexo; a loita contra un

trazado da autovía A-8 que lle tronzaba as comunicacións ás explotacións da Mariña luguesa; a loita para que a parcelaria de Verín non desfixera as explotacións da zona; a loita para que a ZEPA da Limia non fose contra a produción de cereais e patacas da bisbarra; ou a loita nos tribunais dos compañeiros e compañeiras de Cardama (Oroso) para manter como solo rústico de protección agropecuaria unhas terras coas que querían negociar os especuladores do ladrillo.

A loita comarca por comarca tamén se desenvolveu en varios puntos de Galiza para denunciar a invasión de terras agrarias por plantacións ilegais de tipo forestal, violando a Lei de Prevención de Incendios en complicidade coa Xunta e os concellos, e substituíndo a produción de alimentos pola produción de celulosa e enerxía.

### “Polo dereito a poder negociar colectivamente os prezos”

Unha das loitas que máis mobilizacións provocou foi a que se fixo por unha cuestión básica para a supervivencia de calquera sector agrario: os prezos. “Uns prezos que, non nos cansaremos de repetir, deben cubrir os custos de produción e o traballo”, afirmou Carme Freire. “Nestes últimos catro anos, desenvolvemos unha loita fundamental polo recoñecemento do dereito a termos capacidade para negociar colectivamente, capacidade para que non nos impoña os prezos ninguén, senón que sexa unha cuestión que estea contemplada dende as esferas políticas e dende as leis. Defendemos isto con unllas e dentes en sectores coma o lácteo, o da pataca, o da horta, o da carne de vacún ou o do viño; pero tamén noutros como o da castaña, o cunícola, o porciño ou o avícola”.

Desta defensa dos prezos, a secretaria xeral do SLG lembrou mobilizacións como boicot a marcas de leite, as campañas de denuncia das marxes comerciais con mercados transparentes para a cidadanía, as manifestacións a nivel de Estado; ou as accións contra pequenas industrias lácteas -como Monteverde, Eugenio Rey ou Tambre- que, directamente, deixaron de pagarlle ás explotacións.



Tres imaxes das accións mencionadas por Carme Freire no seu informe sindical. De arriba a abaixo: tractorada en Lugo reclamando prezos dignos para o leite, manifestación contra a Lei de Augas de Galiza, e encontro entre Dacian Ciolos e a comitiva na que estaba Isabel Vilalba

## Seguirá a oposición á Lei de Augas e á privatización dos servizos públicos

Para o final, Carme Freire deixou a mención a dúas loitas aínda abertas e nas que o SLG está tendo un protagonismo moi especial: a loita pola auga e polos servizos públicos.

Unha loita pola auga que se traduciu na frontal oposición do SLG á Lei de Augas de Galicia e en manifestacións como a que levou a miles de persoas á praza da Quintana a berrar que a auga non é unha mercadoría, senón “un dereito básico para podermos vivir e para podermos producir alimentos; un ben que, polo tanto, non se pode privatizar”.

En canto á loita polos servizos públicos, o SLG opúxose a unhas Directrices de Ordenación do Territorio que pretenden concentrar os servizos públicos nas cidades e nas cabeceiras de comarca. Unha idea de País que xa estamos a sufrir con decisións como que as farmacias de garda non teñan a obriga de abrir no rural ou os enfermos xa non podan viaxar en ambulancia para recibir hemodiálise, quimioterapia e radioterapia. E tamén estivo o SLG na defensa dos servizos para as explotacións, como o aconsellamento.

### ■ Catro anos de expansión nas alianzas sociais

En canto ás alianzas do SLG na loita contra o neoliberalismo, nos catro anos pasados reforzáronse as relacións coa COAG, seguindo o mandado do VII Congreso; participouse na constitución da entidade de crédito social Fiare Galicia; e, nestes intreos, estase a preparar un convenio de colaboración cunha asociación de autónomos e autónomas de ámbito galego.

Tamén participou o SLG de xeito determinante e decidido na Rede de Sementes, na Plataforma Galega Antitransxénicos, na Iniciativa pola

Soberanía Alimentaria de Galiza, na Rede Anticapitalista, na Plataforma Quere-mos Galego e na Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública; amais de seguir en redes xa constituídas como a Marcha Mundial das Mulleres e a Vía Campesina, ou co convenio asinado coa Organización Galega de Comunidades de Montes.

Na cara negativa, a suspensión unilateral que fixo a CIG do convenio de colaboración que tiña subscrito co SLG, debida “máis a criterios partidistas que a diferenzas ideolóxicas con nós”. Carme Freire non quixo rematar este apartado sen falar do “aceno de esperanza que supón o movemento xurdido, recentemente, desde a mocidade: o Movemento do 15-M”.

A maiores das loitas sindicais, Carme Freire destacou actos como a presentación do libro escrito pola compañeira Tareixa Ledo Regal “*Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable*”.

### ■ Contra o neoliberalismo “pesara a quen lle pesara”

Ao remate da súa intervención, a Carme Freire recoñeceu que “a loita por facer real a autonomía e a independencia do SLG non estivo exenta de problemas”, ao que engadiu o convencemento “de que saímos reforzados e reforzadas deste tempo no que tivemos que demostrar, unha vez máis, que a nosa loita é contra un sistema económico imperante que destrúe ás persoas, á xente labrega e aos pobos; que esa loita é contra o neoliberalismo. A nosa loita non foi outra máis que centrarnos na defensa e no futuro que nos merecemos como persoas e como pobo, pesara a quen lle pesara. Estes foron catro anos nos que, sobre todo, seguimos crendo na loita colectiva e na soberanía alimentaria como garantía de futuro”.



## Unha demanda común de todos os sectores produtivos: prezos xustos

Os informes sectoriais coincidiron na necesidade de seguir loitando por dignificar as rendas labregas

*O VIII Congreso do SLG comezou coa lectura dos informes sectoriais a cargo dos e das responsábeis e vicerresponsábeis do Viño, Horta, Leite, Patata e Carne. A pesar da diversidade de sec-*

*tores produtivos, os relatorios deixaron claro que unha demanda común a todos é a de acadar uns prezos xustos e remuneradores para todos os produtos agrarios, prezos que deberían cubrir os*

*custes de produción e os traballo das persoas das explotacións, amais de ser fixados de xeito transparente e democrático por interprofesionais arbitradas pola Administración.*



O responsable do sector do Viño, **Manuel Docampo**, foi o encargado de abrir os relatorios sectoriais do VIII Congreso. A súa foi unha intervención na que defendeu sen ambaxes un modelo de viticultura de calidade, pois “este é o único modelo que vai facer que teñamos un prezo digno polas nosas uvas, o único que pode facer que a viticultura siga existindo no noso país”.

Na súa defensa da calidade, Docampo dixo que “o modelo da cantidade fracasou, pois o problema non é poder producir máis quilos de uva, senón ter máis cartos no peto ao final da vendima”. O responsable do sector do viño tamén destacou a vertente social do modelo defendido polo SLG, “porque as multinacionais tamén están empezando a traballar no modelo de calidade, aínda que sexa a costa de prescindir das persoas, dos territorios e

mesmo das castes autóctonas”.

De seguido, falou a vicerresponsable do sector da Horta, Froita e Flor do SLG, **Belén Fervenza**, que antepuxo o modelo defendido polo SLG que, coa soberanía alimentaria, “achéganos un campo de loita e reivindicación para a cidadanía que nos garante o futuro con homes e mulleres que facemos algo imprescindible para a sociedade, que é cultivar e entregar alimentos”; fronte ao modelo capitalista de agricultura que “fai augas en todas partes, incapaz de dar solucións aos problemas que crea: crises alimentarias, desnutrición, empobrecemento da terra ou perda de recursos”.

Belén tamén valorou a importancia de compartir a loita coa cidadanía, facéndoa partícipe de todas estas pro-

blemas para que teña argumentos para elixir conscientemente os alimentos que merca; e reafirmou a aposta do SLG “polos mercados locais, o pequeno comercio nas cidades e a venda directa”. Todo isto “sen esquecer nos de seguir loitando por uns prezos que cubran o traballo e os custes produtivos”.

A terceira en falar foi a responsable do sector leiteiro, **Lupe Prado**, que lembrou algunhas das loitas desenvolvidas polo SLG nestes catro anos, como a oposición a un contrato homologado sen garantía de prezo. “Contratos si, pero primeiro o prezo”, aclarou Lupe. A gandeira vilalbesa tamén falou das mobilizacións contra determinadas industrias e grandes distribuidoras, e recoñeceu que “as loitas foron duras, son duras e seguirán sendo duras, porque temos



Composición da Dirección Nacional do SLG emanada do VIII Congreso: Xoaquina Abad Villares, Xosé Manuel Aller Casal, Mercedes Alonso Lorenzo, Antón Álvarez Lombardero, Xesus Amado Medín, Arturo Baqueiro Gabián, Benigno Barral Güimil, María Concepción Blanco Montecelos, Elisa Buceta Domínguez, Adolfo Cabarcos Saavedra, María Xesús Cadahía López, Xosé Manuel Calvo Rei, María Xesús Carreira Feijoo, Eliseo Cebreiro Paz, Manola Cerredelo Suárez, Isabel Civeira Rodríguez, Manuel Docampo Paradelo, Bernardo Estévez Villar, Eric Fernández Arias, Adoración Fernández Cabaleiro, Belén Fervenza Couñago, Samuel Formoso Salgado, Rosa María García Castro, Carme Garrote García, Xosé Manuel Gestoso Maceiras, María Xosé Golpe Acuña, Xosé Antonio González Rodríguez, Pilar Guimarei Souto, Cándido Iglesias Turnes, Alberte Lamazares Casero, Dolores Lea Santiso, Xosé Luís López Galán, Camilo Lorenzo Ferro, María Xesús Martínez Rivas, María Felicitas Mato, Luísa Mayo Alonso, María Pilar Meizoso Seco, Miguel Anxo Méndez López, Xesús Méndez López, María do Carme Miranda Pulido, Xabier Montes Fuentes, Andrés Nogueira Álvarez, Patricia Novoa Torres, Xosé Manuel Parente Conde, Delfín Paz López, Mariano Pazos Currais, Xoán Xosé Penín Vidal, Xosé Pérez Folgueira, Xoán Xosé Pérez Martínez, María dos Anxos Pérez Pato, Dorinda Pérez Recarey, María Purificación Pol Miranda, Benito Pose Paz, Lupe Prado Losada, Antonia Reboredo Guitián, Daniel Rodicio Fernández, Ana María Rodríguez Vázquez, María Xusta Sabio Lage, Antón Sánchez García, Charo Sánchez Parga, Miguel Sánchez, Andrés Sanjurjo Calviño, Lidia Senra Rodríguez, Dorotea Simil Carril, Anxos Tourón Río, Ana Belén Troitiño Caramés, Nuria Uzal Bustelo, María Cruz Valle Gómez, María Divina Valle Oubiña, Xosé Lois Varela Carreira, Irene Vázquez Astray, Natividade Vázquez Eiroa, Xabier Vázquez García, María Hortensia Vázquez Gómez, Xoán Antonio Vázquez Morado, Isabel Vilalba Seivane e María do Carme Freire Cruces.

moito en contra nosa. Pero o que temos claro nesta organización é que somos xente con dignidade e que por riba de nós non queremos que pase ningún. Por iso, Lupe reafirmou o compromiso do SLG en seguir defendendo propostas como “o control da produción e unha regulación dos mercados e das marxes comerciais”, demandas polas que se traballará xunto a outras como a denuncia da forestación ilegal de terras agrarias. Prado rematou cun agradecemento á secretaria xeral, á Executiva do SLG e á Dirección Nacional pola súa “coherencia, firmeza e compromiso durante estes catro anos”.

A intervención de **Manola Cerredelo**, responsable do sector da pataca, denunciou o empeoramento da situación nos últimos anos, xa que o sector “tivo que enfrentar

unha grave crise caracterizada polo desequilibrio entre a oferta e a demanda causado pola chegada dunha cantidade importante de pataca foránea, repercutindo na baixada de prezos e dificultando a comercialización do produto”. Ademais, “os custes de produción se triplicaron, e os prezos seguen a un nivel de hai vinte anos ou incluso menor, como foi no caso desta campaña”.

A pesares da crise no sector, as grandes superficies comerciais fixeron o seu agosto “con marxes comerciais que chegaron a superar o 1.500%”, razón que levou a facer mercados reivindicativos en Vigo e Ourense para informar á cidadanía. Entre as demandas do SLG para o sector destacou a aposta pola pataca de calidade e o mercado interno galego, medidas de apoio á comercialización sen intermediarios, contratos homologados con prezos que

cubran os custes de produción e unha renda digna e a creación dunha OCM da Pataca.

Finalmente, **Xosé Luís López Galán**, como responsable do sector da Carne, defendeu que “a venda das nosas producións debería ser suficientemente remuneradora para poder vivir delas, en non vivir só das esmolas que nos dan”. Sen embargo, “os prezos dos nosos xatos seguen cotizándose con valores de hai vinte anos, mentres que os custes de produción soben cada ano e multiplícanse. De seguirmos con esta tendencia, as nosas explotacións acabarán sendo inviables”. Tamén denunciou os atrancos á hora de poder ampliar a base territorial das explotacións “pola permisividade da Administración cos plantíos forestais en terras de cultivo”.

Manola  
CerredeloXosé Luís  
López  
GalánXosé Manuel Parente  
e Isabel Vilalba

Informe sindical da Secretaría das Mulleres do SLG

## A conquista da titularidade compartida nas explotacións

*Tralos relatorios e informes sindicais, a responsable da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, lembrou a conquista da titularidade compartida nas explotacións, un logro pola igualdade a nivel de Estado que non tería sido posible sen o traballo da nosa organización.*

**“A Secretaría das Mulleres do SLG tivo un papel fundamental na loita pola titularidade compartida”**

A responsable da Secretaría das Mulleres do SLG dende 2002, Isabel Vilalba Seivane, comezou o seu informe sindical agradecendo a implicación dos compañeiros e compañeras do SLG na loita pola igualdade. E indo ao concreto, destacou todos os anos de loita que se saldaron coa Lei de Titularidade Compartida aprobada neste 2011. “Podemos dicir que nesta loita tivo un papel fundamental o Sindicato Labrego Galego”, afirmou Isabel, “pois o SLG traballou nela dende unha etapa temperá, na que cando pediamos a titularidade compartida non sabían moi ben de que estabamos a falar. Esta lei débese ao traballo dos compañeiros e compañeras do SLG, que puxeron enriba da mesa o feito de que miles de mulleres son consideradas “axuda familiar”.

Respecto disto, Isabel lembrou que “hai anos, vimos como a moitas mulleres labregas se lles negaba o dereito a percibir axudas por ser traballadoras con fillos menores de tres anos ao seu cargo. Díciáselles non estaba claro que fosen traballadoras por non ter ingresos propios”. Tamén fixo memoria das etapas que levaron a esta conquista: grupos de traballo no Ministerio e outras institucións, mobilizacións na rúa, busca de alianzas, etcétera; e advertiu que “aínda queda o último paso: isto non vai servir para nada se as mulleres que son consideradas axuda familiar non solicitan ser titulares”.

Isabel deixou para o final da súa intervención novos retos que guiarán o traballo da Secretaría das Mulleres como “que ninguén quede sen algo tan básico como é aspirar aos dereitos asociados a unha cotización”, a loita contra os recortes nos plans de pensións públicas, ou a defensa dos servizos públicos de proximidade no rural. Tamén se referiu á importancia das alianzas nestas loitas, entre as que destacou a colaboración desenvolvida coa Marcha Mundial das Mulleres.



Votación sobre as relacións coa COAG

## Avance nas alianzas para estarmos onde se toman as decisións do agro

*Unha das decisións destacadas que había que tomar no VIII Congreso era a de se o SLG continuaba co seu convenio de colaboración coa COAG, ou solicitaba pasar a formar parte dela como membro de pleno dereito. Ao final, os afiliados e afiliadas decidiron co seu voto.*

**“Como membro da COAG podemos defender directamente no Estado os intereses labregos da Galiza”**

Unha das decisións máis importantes que se tomaron no VIII Congreso do SLG foi a de solicitar ser membros de pleno dereito da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). Foi unha decisión soberana do Congreso que se adoptou tras unha votación en urna na que o “si” acadou o 92,64 % dos sufraxios.

Previamente, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, referiuse á imposibilidade de poder representar os intereses labregos da Galiza a nivel estatal, onde se toman decisións moi importantes para o noso País.

Carme Freire tamén aclarou que “a COAG é unha coordinadora de organizacións e, como tal, a integración sería do Sindicato Labrego Galego como organización, e non das persoas que formamos parte del, que seguiríamos sendo afiliados e afiliadas do SLG”.

Finalmente, Freire enumerou as vantaxes de que o SLG entrase na COAG como membro de pleno dereito:

1. Ter máis participación nos órganos de dirección da COAG, e nos foros e organismos de debate do Estado onde se toman decisións e fan leis e acordos que teñen todo que ver coa nosa actividade e coas nosas vidas.
2. Ter maior capacidade de decisión ao ter voto na COAG, ademais de voz.
3. Ter a oportunidade de aportar, dende a nosa cultura organizativa de horizontalidade sindical, para que a COAG sexa esa coordinadora estatal que queremos.
4. Por fortalecer, dentro da COAG, as posicións e as alternativas para o modelo de política agraria e alimentaria que defendemos.



Carme Freire no discurso de clausura do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego:

## “A alimentación é un dereito e por iso defendemos a soberanía alimentaria”

*O discurso de clausura de Carme Freire, tras ser reelixida secretaria xeral, comezou cunha lembranza antes de falar dos catro anos vindeiros, tal e como fixo antes no relatorio sindical*

*antes de falar dos catro anos pasados. Se no relatorio tivo palabras para “a vida que transcende”; na clausura recordou a achega dos traballadores e traballadoras do SLG, e dos labregos e*

*labregas que puxeron os alimentos do xantar congresual “para demostrarnos que podemos e debemos seguir contribuíndo con experiencias reais a outro modelo de alimentación”*

Tralos agradecementos, Carme Freire entrou no miolo da súa intervención afirmando que “nunca entendemos a produción de alimentos como unha cuestión só corporativa e profesional, porque a alimentación non é un negocio. A alimentación é un dereito: o dereito a comer alimentos que nos nutran e que non nos enfermen; o dereito a comer a diario e a pagar un prezo xusto pola comida; ou o dereito como pobo poder decidir quen, onde e como queremos que se produzan eses alimentos. É por iso que propoñemos a soberanía alimentaria como garantía de futuro”.



Carme Freire enmarcou o traballo futuro nas loitas polos recursos, polos prezos e polos servizos públicos

Dende esa reivindicación-raíz que é a soberanía alimentaria, Carme Freire tirou os tres eixes nos que se vai

estruturar o traballo do Sindicato Labrego Galego durante os vindeiros catro anos: a loita polos recursos

produtivos para a alimentación, a loita polos prezos e a defensa dos servizos públicos.

## Loitas abertas en tres fronteiras

### 1. A loita polos recursos produtivos para a alimentación.

A loita pola auga, pola terra e polas sementes “que nos están espoliando con normas como a Lei de Augas para facer negocio dunha necesidade e un dereito básicos como beber; coa lexislación de sementes, que permite a apropiación privada dun patrimonio que pertence á humanidade e mete os transxénicos nas nosas explotacións e mesas; coa Lei de Mobilidade de Terras, para que as empresas entren a saco nas leiras abandonadas; coa Lei de Montes, que pretende converter as nosas veigas en pasto das industrias do lume e da enerxía; ou cunha posible Lei de Montes Veciñais para que estes pasen da veciñanza a mans das multinacionais”.

Freire tamén recordou ameazas como o uso de lodos de depuradora como “abono”, ou unha reforma da PAC, “que mesmo considera destinar a terra agraria á produción de agromasa e agrocaburantes, en vez de alimentos”.

### 2. A loita polos prezos.

“Non queremos axudas nin esmolas a cambio de prezos”, afirmou de xeito tallante a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego que defendeu “a loita por uns prezos que deben pagar o noso traballo, uns prezos aos que temos dereito porque non só producimos algo básico como os alimentos; senón porque, ademais, tamén mantemos un medio rural con vida, con lingua, con cultura, con paisaxe, con auga e con tantas outras cousas”.

Neste senso, Carme Freire volveu incidir na aposta do Sindicato Labrego “por que eses prezos sexan negociados de xeito transparente, colectivo e universal para que todas e cada unha das persoas que nos dedicamos a producir alimentos teñamos cubertos os custes de produción e o noso traballo”. A maiores, tamén reclamou “a regulación dos mercados e das marxes comerciais”, para termos eses prezos remuneradores.

### 3. A defensa dos servizos públicos.

Trátase dunha loita na que o SLG debe traballar cóbado con cóbado coa sociedade, porque nos está afectando a todos e a todas. Carme Freire denunciou que “mentres se nos di que os servizos públicos deben ser reducidos; por outra banda se non está tamén dicindo que os nosos impostos se destinan para darlle diñeiro ás aseguradoras para que teñamos unha xubilación digna, para que teñamos unha educación para os nosos fillos e fillas, para que teñamos dereito á saúde, ou para cuestións directamente relacionadas coa sanidade nas nosas explotacións. Iso si, privatizando todo, facendo de todo un negocio. Até co diñeiro público están tentando darllo ás multinacionais aseguradoras para que aseguremos a nosa renda; para que, en vez dos gobernos gobernar para que teñamos prezo, sexan as aseguradoras privadas as que nos garantan co seu lucro que teñamos eses prezos”.



Detalles do VIII Congreso do SLG, de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: dúas tomas xerais da afiliación e das comitivas invitadas do congreso, Lidia Senra dando lectura ao relatorio de organización, detalle dunha das votacións a man alzada, e presentación en rolda de prensa do VIII Congreso pola secretaria xeral do SLG, Carme Freire, o pasado 31 de outubro.

Xosé Álvarez Lombardero, vogal do SLG na Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega

## “A filosofía do SLG en Tenreira Galega foi a defensa das explotacións tradicionais”

*Xosé Álvarez Lombardero está a piques de pechar un ciclo tras catorce anos exercendo de vocal na Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega. Sen embargo, a súa aposta pola carne*

*de vacún de calidade e pola IXP continúa inalterable. Así o demostran a continuidade da súa explotación de Rubia Galega en Roxos (A Fonsagrada), e a súa defensa deste selo de*

*calidade fronte a especulacións como o VAC-1 ou o Vitelo do Brasil. Con el falamos do traballo feito na IXP nos últimos catro anos, e dos retos polos que seguirá traballando no futuro.*

■Xa pouco queda para as seguintes eleccións na IXP.

As eleccións deberían terse celebrado na pasada primavera, pero atrasáronse polas eleccións municipais. Supoño que se celebrarán antes do verán que vén.


■Tras catorce anos como vocal, decidiches non volver presentarte.

Creo que cumprín unha etapa e penso que as responsabilidades deben renovarse. Marcho satisfeito. Sempre puxen a honestidade por diante, e sempre que houbo algo que debater, fíxeno coa Dirección da Carne do SLG, que foi o foro onde se discutiron e adoptaron as posicións do Sindicato Labrego neste sector. A filosofía do SLG en Tenreira Galega sempre foi a defensa das explotacións tradicionais, e só nese censo nos presentamos ás eleccións.

■Podes resumir cales foron as principais liñas do teu traballo como vocal nos últimos catro anos?

Para que unha carne sexa de Tenreira Galega Suprema, o regulamento obrigaba a aleitar aos becerros até o o sacrificio. O SLG conseguiu que esas regras se adaptasen máis á realidade das explotacións xa que, segundo a época do ano, as vacas non sempre poden aleitar aos becerros até o final. Nós conseguimos que os becerros puidesen estar un mes ou dous sen aleitarse, alimentados con bos pensos en base a cereais.

Outro traballo importante foi a reforma do regulamento en canto a razas. De primeiras, o regulamento



Xosé Álvarez Lombardero deixará a vocalía na IXP Tenreira Galega tras catorce anos representando ao SLG e ás explotacións labregas

puxo case como única raza admitida a Rubia Galega. Pero boa parte das explotacións de vacún de carne

teñen gando cruzado. Na Montaña de Lugo, por exemplo, máxima produtora de Suprema, trabállase en base

á raza Asturiana e cruza-mentos. Neste senso, foi moi importante o traballo do Sindicato Labrego para que estas explotacións estivesen tamén amparadas pola IXP. Sería suicida excluílas por non traballar con Rubia Galega.

■Tamén foi importante o papel do SLG nas campañas de promoción.

Así é. Grazas a esa promoción, a carne de Tenreira Galega acadou gran prestixio no Estado. Como vocal, insistín en que esas campañas se orientasen a facer saber a consumidores e consumidoras que había dúas liñas de produción dentro de Tenreira Galega: a dos cebadoiros e a Suprema. As campañas específicas que se fixeron da Suprema, foron a raíz de propostas do Sindicato Labrego.

## “Temos que seguir loitando para conseguir pensos sen transxénicos na Galiza”

■Cales van ser as prioridades do SLG na IXP para os vindeiros catro anos?

Debemos seguir cun labor en positivo, porque é bo para o sector; seguir traballando con coherencia e responsabilidade, defendendo propostas en base aos intereses das explotacións.

Haberá que insistir para que consumidores e consumidoras recoñezan a calidade da Suprema. Tamén temos que seguir loitando para conseguir pensos sen cereais transxénicos na Galiza.

■Que opinas da tentativa recente de resucitar o selo VAC-1?

Levou moitos anos, cartos e esforzos facer a IXP Tenreira Galega, e sacar o VAC 1 sería como espir un santo para vestir outro. Creo que esa iniciativa responde aos intereses de

algún industrial. O que fixo as cousas ben dentro de Tenreira Galega está contento coa IXP; quen fixo as cousas mal, non. Houbo industrias que foron expulsadas; posiblemente, esa xente busque outras fórmulas para gañar cartos; para min, só buscan poñer no mercado unha carne barata para lucrase.

■E o feito de que se produza Rubia Galega no Brasil e se pretenda vender aquí?

O SLG sempre se opuxo. A proposta do SLG, a IXP Tenreira Galega alegou e foi rexeitado o rexistro da marca Vitelo do Brasil. Sempre defendemos que a Rubia Galega tiña que criarse no seu país, e deixarse de aventuras. Neste mundo globalizado no que vivimos, poderíanos causar moito dano se esa carne criada a baixos custes no Brasil retornase exportada a Europa.

# Xunta e Goberno do Estado: culpables da crise do sector lácteo

As tres organizacións agrarias denunciaron responsabilidades políticas trala dramática situación do leite

*Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores ofreceron, o 2 de novembro, unha rolda de prensa para presentar un informe no que se denuncia a situación crítica pola*

*que está atravesando o sector lácteo dende hai anos, e que agora se agudizou por factores conxunturais como a seca. Antes, Xabier Gómez Santiso e Lupe Prado participaron na Mesa do*

*Leite do 14 de outubro, e mantiveron un encontro coa subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, Patricia Ulloa, o 3 de novembro, para esixir solucións no sector.*

Os representantes das tres organizacións agrarias, con Carme Freire en representación do SLG, incidiron na responsabilidade política da crise pola que atravesan as explotacións leiteiras. Decisións como a liberalización do sector eléctrico, que levou a duplicar a factura da electricidade que consumen as explotacións en dous anos; o incremento constante no prezo do gasóleo; ou a especulación nos mercados de cereais e proteaxinosas, que fixo que aumentase exponencialmente o prezo das materias primas para a alimentación animal; están facendo minguar as pobres marxes comerciais que lograban as explotacións con beneficios, que non eran todas. De feito, moitas explotacións están tendo ingresos inferiores aos custos da actividade que compensan con outros ingresos, como pensións de persoas xubiladas ou traballos fóra da explotación.

Outro exemplo que puxeron as organizacións agrarias foi a imposibilidade das explotacións de acceder á terra para reducir custos, cultivando forraxes e pasteiros; debido á aprobación de normas que permiten a invasión das terras agrarias por plantacións forestais, ou á inhibición da Xunta á hora de atender as denuncias por forestacións ilegais de agros protexidos. Os sindicatos denunciaron que “a ningún goberno europeo se lle ocorre permitir a plantación de eucaliptos en terreos aptos para as actividades agrarias; sen embargo, na Galiza é algo que está á orde do día”.



A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, incidiu na responsabilidade política que hai tralos baixos prezos

## Os partidos políticos tampouco se lembraron do sector lácteo na campaña electoral

As organizacións agrarias acusaron á Xunta e ao Goberno estatal de non ter á protección das actividades agrogandeiras entre as súas prioridades, ao contrario doutros países como Francia, onde os contratos cun prezo base respectado e con garantía política de cumprimento regula as relacións entre as explotacións e a industria, algo que no Estado Español segue sen existir. Sen ir máis lonxe, en outubro, o presidente francés Sarkozy anunciaba un ambicioso plan de apoio ao sector agrario e reclamaba accións da Comi-

sión Europea de cara a regular os mercados para rematar coa crise do sector lácteo. E iso cando en Francia teñen un prezo negociado politicamente para o leite; mentres que na Galiza temos un prezo impostos pola industria sen negociación e sen garantías.

### ■ Esixencia de medidas a todos os gobernos

En vésperas de que comezase a campaña electoral, os sindicatos agrarios galegos recriminaron aos principais partidos políticos que non teñan feito ningunha proposta para sacar ao sector

leiteiro da situación crítica na que leva varios anos, a pesares de estarmos nun intre no que se están a desenvolver os debates que darán contido a futura PAC.

As tres organizacións agrarias coincidiron en que, tanto dende os concellos como desde a Xunta e o Ministerio de Medio Rural, teñen que decidir se apostan ou non pola continuidade do sector lácteo, para o cal os tres sindicatos lles solicitarán entrevistas de cara a expor-lles as medidas a curto e a medio prazo necesarias para solucionar esta crise.

## O aumento de custes pode ascender a 10.000 euros para unha explotación media

O informe presentado polas tres organizacións agrarias baixo o título “S.O.S. Sector lácteo galego” denuncia que o sector lácteo se atopa “no peor momento da súa historia, cuns prezos de leite baixos, que se suman a uns custes de produción moi elevados que crean unha combinación insuperable para a maior parte das nosas explotacións”.

O estudio revela que “máis do 90% das explotacións se encontran nunha situación límite”, o que corrobora con datos como o prezo medio do leite en orixe na Galiza, que é de 30’33 céntimos, e está entre os máis baixos de Europa. Isto contrasta coa tendencia de prezos á alza no resto da UE, con valores de 35’38 céntimos en Dinamarca, 34’39 céntimos en Alemaña, 32’44 en Francia ou 37’50 en Holanda.

En canto aos gastos das explotacións, estes incrementáronse notablemente no último ano. Os pensos subiron o 28%, polo que unha explotación láctea media con 30 vacas aumentou os gastos neste capítulo nuns 2.000 euros. A suba do gasóleo foi do 25’25%, o que supón un desembolso de 1.050 euros máis para esa explotación media. E a electricidade subiu o 26’15%, é dicir, 588’36 euros máis ao ano.

A estes gastos habería que engadir as perdas provocadas pola primavera “máis seca dos últimos cincuenta anos” e un outono con case ausencia de choiva. Isto provocou unha redución da colleita de millo do 40%, e do 35% no ensilado de herba. Traducido a cartos, pas perdas para unha explotación media pola seca poden ascender a uns 7.000 euros.

### ■ Medidas a curto e medio prazo para pór remedio á crise

As tres organizacións agrarias coincidiron á hora de esixir, como medidas a curto prazo: o adianto dos pagos da PAC, o aumento do prezo do leite como mínimo en 3 céntimos, axudas para compensar a suba dos custes de produción e para facer fronte á compra de alimento, redución dos impostos sobre o gasóleo agrícola, exoneración de cotas de pago da Seguridade Social, e solicitar o incremento das axudas de mínimos até o 15.000 euros.

A longo prazo, pedíronse medidas dirixidas a fomentar a mobilidade de terras, e medidas a facer dos contratos un instrumento útil de cara a negociar un prezo do leite que cubra os custes e o traballo da produción leiteira.



A responsable da Dirección do Leite do SLG, Lupe Prado, e o coordinador de sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, participaron na Mesa do Leite do 14 de outubro; e tiveron un encontro con Patricia Ulloa, o 3 de novembro, para esixir solucións aos problemas do sector lácteo

## Lácteos Tambre no xulgado por incumprir o plan de pagos pactado en agosto



Gandeiros e gandeiras saíndo dunha das xuntanzas negociadoras con Tambre, denunciaron á empresa polos seus incumprimentos

Os xulgados de Ordes acolleron, o pasado 20 de setembro, os dous primeiros xuízos contra a empresa Lácteos Tambre, que segue sen pagar un céntimo da débeda que mantén con varias explotacións lácteas ás que non lles pagou o leite recollido a comezos de ano. En total, son sete as explotacións defendidas polo Sindicato Labrego Galego ás que, en conxunto, Lácteos Tambre lles debe uns 60.000 euros.

O proceso xudicial iniciouse tras a negativa da empresa leiteira a concretar as datas do plan de pagos ao que se comprometeu despois de que os gandeiros e gandeiras afectados/as, co apoio do Sindicato Labrego Galego, fixesen dúas concentracións de protesta e mantivesen senllas xornadas de negociación con ela os días 5 e 17 de agosto.

O compromiso de Lácteos Tambre, acadado nese 17 de agosto, foi o de saldar a débeda antes do peche do exercicio do presente ano, o 31 de decembro de 2011. Nese intre, xa se tramitaran denuncias diante

dos xulgados de Ordes que, en caso de incumprimento por parte da empresa, seguirían o seu curso legal, como ao final aconteceu, xa que a data fixada para os primeiros xuízos eran, necesariamente, o límite que tiña a empresa para facer os primeiros pagamentos.

Dende o Sindicato Labrego Galego seguiremos velando polos intereses dos gandeiros e gandeiras afectados e afectadas polos impagos de Lácteos Tambre, e seguiremos cara adiante nos procesos xudiciais pendentes mentres esta industria leiteira porfíe na súa negativa a pagarlles ás explotacións o produto do seu traballo dentro do prazo ao que os directivos da empresa se comprometeran.

### ■ Primeiras sentenzas favorables

En outubro producíanse as primeiras sentenzas por parte dos xulgados de Ordes, que resultaron favorables para os gandeiros e gandeiras denunciante. Así, se a empresa non recorre o fallo, está obrigada a pagarlle en breve ás explotacións.

**ENESA**

Entidad Estatal de Seguros Agrarios

MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE  
Y MEDIO RURAL Y MARINO

marm.gob.es

# Seguro para o gando reprodutor e de recría

De acordo co **Plan Anual de Seguros Agrarios do ano 2011**, establécese a seguinte liña de acción para o **gando reprodutor e de recría**. Trátase da liña 102 e defínese nas seguintes xeneralidades:

É un seguro dirixido a gandeiros e gandeiras (persoas físicas ou xurídicas) con ani-

mais bovinos reprodutores e recrías de leite e carne, titulares dun libro de rexistro de explotación.

Trátase dun seguro subvencionado pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) así como pola comunidade autónoma.

É un seguro flexible que permite aos gandeiros e ás

gandeiras escoller a garantía básica que máis se adapta ás necesidades da súa explotación.

Do mesmo xeito, conta cunha serie de garantías adicionais para cumprimentar a opción básica de aseguramento, no caso de ser de interese para o gandeiro ou para a gandeira.

## GARANTÍAS BÁSICAS A CONTRATAR

**OPCIÓN A****Accidentes,  
fiebre aftosa e EEB****OPCIÓN B****OPCIÓN A +  
complicacións do parto****OPCIÓN C****OPCIÓN B +  
mamite en aptitude láctea**

### GARANTÍAS ADICIONAIS

**Síndrome respiratoria de  
bovino en recría (SRB)****Enfermidades****Meteorismo****Carbuncho****Saneamento gandeiro**

**Manola Cerredelo, responsable do sector da Pataca no SLG**  
**“Fóra do contrato, a pataca págase a 6 e 8 céntimos o quilo”**



**Para Manola, cómpre agardar até ben entrado o inverno para valorar a rendibilidade final da campaña segundo evolucionen os prezos**

*Trala colleita, coa maior parte da pataca nos almacéns das explotacións, entrevistamos a Manola Cerredelo, pataqueira da Limia e responsable do sector no SLG, para falar da saída comercial da produción, e sabendo que aínda que é cedo para unha valoración final da campaña.*

#### ■ Como influíu o clima inestable nesta campaña?

A seca que veu este ano causou moitos problemas de fungos, sobre todo de Mildeu, dende a sementeira e ata a finais do mes de xuño. Houbo unha queixa xeneralizada no sector de que os tratamentos que se aplicaron non foron efectivos, o que nos obrigou a realizar moitos, e variando con distintas fórmulas e materias activas. Isto incrementou os custes en gran medida. Mesmo nalgúns fincas, sobre todo nas fases iniciais, os danos foron tan importantes que se tiveron que sementar de novo as patacas ou se abandonaron.

#### ■ E como foi o rendemento final?

En xeral, e nos cultivos que non tiveron problemas, os rendementos foron máis altos que en campañas anteriores, cun incremento de entre un 10% a un 30%, dependendo das variedades e da época de cultivo. O maior rendemento deuse nas variedades para industria. Polo demais, obtivéronse boas calidades e non

se observaron incidencias de patoloxías en almacenaxe.

#### ■ Como vai indo o prezo?

De momento, estamos a sufrir unha baixada xeneralizada, debido aos altos rendementos na Limia e noutras zonas do Estado. As patacas dentro de contrato recóllense con prezos que oscilan entre os 13-15 céntimos por quilo, con incrementos de prezo en función do período de almacenaxe, de máis ou menos 1 céntimo por mes almacenada. Fóra de contrato, as patacas estanse a pagar entre 6 e 8 céntimos por quilo.

#### ■ E que saída ten?

Hai movemento de saída de patacas, sobre todo para a industria, ao tempo que se produce un maior estancamento nas variedades roxas, que se comercializan principalmente en Portugal. Aínda así, agora mesmo estase movendo pouca pataca, xa que se prefire almacenar para vendela a partires de finais do mes que vén, polo incremento que experimenta o prezo a medida que avanza a almacenaxe.

## Industria e almacenistas afogan ao sector da castaña en Galiza

A maior parte da castaña que se comercializa no Estado, incluída a de exportación, vén de Galiza. A nosa comunidade conta con potentes industrias transformadoras e comercializadoras da castaña. Esta realidade, lonxe de supoñer un empuxe para a mellora do sector produtor, está a supoñer un retroceso importante que fai, que a pesar do grande desemprego, cada vez se perdan máis castiñeiros.

Se anos atrás afirmabamos que o problema do sector eran os lumes e as enfermidades do *chancro* e da *tinta*, agora estamos en condicións de afirmar que o problema é o abuso da industria e das comercializadoras, que acordan uns prezos moi baixos para a castaña galega, mentres os prezos máis altos os pagan polas castañas que mercan noutras comunidades: se a media en Galiza desta temporada estivo entre 0'80 e 0'90 €, a castaña andaluza pagouse a 1'40 €.

A castaña galega ten moi boa acollida no mercado, pero boa parte da castaña que se elabora e que se comercializa dende Galiza procede doutras zonas do Estado (Bierzo, Andalucía, Extremadura) contando cun especial atractivo as castañas do sur do Estado por reco-

llerse antes que as nosas. Este prestixio da castaña galega é o que levou á industria a asociarse e a impulsar a Indicación Xeográfica Protexida “Castaña de Galicia” que, lonxe de supoñer un impulso para o sector produtor, supuxo un retroceso, xa que a castaña amparada pola IXP se paga por baixo do valor da que non está protexida.


#### ■ O SLG organizará a produtores e produtoras

A boa saúde que nos números do sector da castaña en Galiza, é boa saúde para a industria a costa do abuso para coas persoas que traballan os soutos e apanan as castañas. O SLG advirte que, de seguir por este camiño, acabaremos co castiñeiro en Galiza, e non por iso serán substituídas as castañas polas do resto da Península, senón polas procedentes de Brasil ou das grandes plantacións que se están a facer na China.

Dende o SLG impulsaremos, na medida das nosas posibilidades, a organización dos produtores e produtoras co fin de loitar por prezos xustos e remuneradores para a castaña, que é a única vía posible de recuperación da actividade labrega de produción de castañas e de recuperación dos soutos.



**O Sindicato Labrego Galego vai avanzar na súa defensa do sector da castaña; na imaxe, actividade formativa do SLG nun souto de Laza**



Por Manuel Docampo,  
responsable do sector do  
Viño do SLG

Apuntamentos para a reflexión no sector do viño na Galiza

# Cantidade ou calidade

O sector do viño en Galiza chegou ao modelo de calidade, modelo baseado en ligar o viño ao territorio, ás variedades, á cultura e ás persoas; despois de que fracasase o modelo de cantidade. O modelo da cantidade instalouse na Galiza na época da filoxera pola necesidade que había de subministrar viño, daquela considerado como elemento fundamental para o alimento das persoas, nun sector moi minguado por ese parasito. Este modelo consistiu, basicamente, en plantar variedades de gran produción (*Palomino, Xerez e Alicante*) e de ciclo largo, en substitución das autóctonas. Esta realidade se deu principalmente nas zonas vitivinícolas punteiras naquel entón, como O Ribeiro e Valdeorras.

Chegados os anos 40-50, comeza a haber problemas con este modelo, que basicamente subministraba graneis, pola aparición de graneis a máis baixo custe doutras zonas do estado. O mecanismo que os produtores e produtoras de uvas puxeron en marcha para defenderse das dificultades do modelo da cantidade, foi a creación das primeiras adegas cooperativas (unha no Ribeiro e tres en Valdeorras). Estas grandes adegas cooperativas alternaban a venda de graneis coa de viño embotellado, procurando sacar viños diferentes para satisfacer os gustos do mercado, recuperando as tradicións anteriores á filoxera. Foi relevante o feito de que na Exposición Universal de 1889 en París, exposición da Torre Eiffel, viños galegos obtivesen medallas internacionais.

A partir das cooperativas, comezouse a traballar no que hoxe coñecemos como denominacións de orixe e seguiuuse aprofundando na recuperación das castes autóctonas e na reestruturación, até chegar a ser un sector enveixable en comparación co que acontece noutras comarcas vitícolas de Europa e coa situación de baixada de consumo de viño xeneralizada que estamos a vivir.

Sabemos que o neoliberalismo máis especulador quere acabar co noso modelo, que é o modelo europeo de calidade. Presionan aos gobernos para a liberalización total das plantacións, pola deslocalización, por que os viños que non certifican procedencia teñan as mesmas normas de etiquetado que os que están dentro do modelo de calidade. Primeiro, a Política Agraria Común (PAC) puxo data final ao control das plantacións e á regulación de mercado; despois, o Estado sacou unhas normas de etiquetado onde se permite o uso de anada e de variedade (agás Albariño) no etiquetado dos viños de fóra de indicación protexida ou denominación de orixe; e agora, máis recentemente, xurdiron con forza os países produtores do novo mundo do viño: Chile, Arxentina, Nova Zelandia, Australia e Xeorxia asinaron un acordo por medio do que se lles eliminan os requisitos de certificados de ano, variedade de uva ou rexión aos viños procedentes destes países.

*"Sabemos que o neoliberalismo máis especulador quere acabar co noso modelo, que é o modelo europeo de calidade. Presionan aos gobernos para a liberalización total das plantacións, pola deslocalización, por que os viños que non certifican procedencia teñan as mesmas normas de etiquetado que os que están dentro do modelo de calidade".*

A pasada vendima supuxo un punto de inflexión no noso modelo de calidade por mor do traballo feito polas grandes cooperativas de Rías Baixas, co apoio dun sindicato agrario, na reivindicación de máis rendemento; e pola pretensión de romper o prezo mínimo cun segundo prezo ao que chamaron o excedente, e que poñía como referencia o que se recollese a maiores con relación á colleita 2010 ou 2009.

*"A nós o que nos interesa é o diñeiro que percibimos ao final da vendima, e iso depende do prezo das uvas; e sempre acontece que a máis uvas, peor calidade e menos prezo".*

Esa reivindicación de traballar pola cantidade ten como única finalidade a posibilidade de meter máis uva de fóra a prezo baixo e, de paso, baixar o prezo medio da uva de Rías Baixas por introducir o concepto de segundo prezo e tamén porque, canto máis carga teña a parra, menos grados e menos prezo (xa subirá o mosto concentrado de Portugal, de Monterrei ou de Castela-León), establecendo unha competencia desleal para acabar coas adegas que queren facer as cousas ben partindo de uva da zona.

Esta pasada colleita, os viticultores e as viticultoras puideron experimentar como con moitas máis uvas fixeron menos cartos ao final da vendima, pois tiveron máis gastos, máis man de obra, máis tratamentos, e percibiron menos porque as graduacións alcólicas foron moi baixas. Esperemos que esta circunstancia faga que, no sucesivo, non nos deixemos regalar os oídos polos cantos de serea das empresas que xogan a especular, e miremos máis para os nosos intereses como viticultores e viticultoras. A nós o que nos interesa é o diñeiro que percibimos ao final da vendima, e iso depende do prezo das uvas; e sempre acontece que a máis uvas, peor calidade e menos prezo.



# A Xunta teima en facer unha Lei de Montes contra o pobo galego

A proposta de lei presentada no Consello Forestal é converter a terra agraria en produtora de enerxía

*A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, asistiu ao Consello Forestal Galego, que se celebrou o 9 de novembro, en Compostela, baixo a presidencia do conselleiro de*

*Medio Rural, Samuel Juárez. Trala xuntanza deste órgano consultivo, o SLG expresou a súa máis enérxica repulsa contra un borrador de Lei de Montes que segue sen modificarse no*

*esencial dende a súa irregular presentación este verán, e que constitúe un atentado en toda regra contra os intereses das explotacións agrarias e gandeiras e contra toda a sociedade.*



Carme Freire representou ao Sindicato Labrego Galego na xuntanza do Consello Forestal de Galicia

A nova Lei de Montes do Goberno Galego é unha ferramenta para xeneralizar a invasión masiva de cultivos enerxéticos.

Pero, quizais, unha das modificacións máis graves, que vai comprometer de xeito irreversible o futuro dos nosos sectores agrarios e gandeiros, vai ser a posibilidade de plantar as terras agrarias para outros fins diferentes á produción de alimentos. Como ben sabemos, as explotacións gandeiras de Galiza teñen un grave problema de cara a facerse con base territorial para producir os seus propios pastos e alimentación para o gando; tamén hai dificultades insalvables noutros sectores, como o do viño ou

o da horta, cando se pretende ampliar a base territorial das explotacións.

Agora, cunha nova Lei de Montes que abre a veda a plantar en terras de uso agrícola, até agora protexidas, as

plantacións enerxéticas terán vía libre para invadir as poucas praderías e leiras que quedan e abrirán o camiño para facer imposible o exercicio da agricultura e da ganadería na Galiza.

## Todo en beneficio da industria madeireira, enerxética e celulosa

En resumo, o Goberno Galego vén de redactar unha Lei de Montes para beneficiar, ostensiblemente, ás grandes industrias madeireiras e de produción de celulosa, agrocárburantes e agromasa; a costa de comprometer o futuro e supervivencia dos nosos sectores agrarios e gandeiros.

Ademais, a proposta de lei pon en serio perigo á poboación do rural ao reducir a distancia de seguridade entre as masas forestais e os núcleos habitados a 30 metros. En calquera caso, de pouco ha servir a norma se, como até o de agora, a Xunta fai caso omiso ás denuncias e permite a infracción xeneralizada da lei, con plantacións feitas até o limiar das casas como denominador común.

## O Sindicato Labrego anuncia unha “oposición frontal” ao texto

O Sindicato Labrego anunciou a súa frontal oposición a este borrador da Lei de Montes. Fronte a esta visión do monte tan lesiva para o País, o SLG seguirá traballando e defendendo unha alternativa baseada na correcta ordenación dos nosos montes e do territorio para que formen parte da sociedade, en xeral, e da veciñanza do rural, en particular.

O SLG négase a aceptar que o conxunto do territorio galego se converta na finca privada dunhas poucas industrias con licencia para esquilmar ao seu antollo en beneficio único e exclusivo das súas contas bancarias.

## ■ Polo uso social dos nosos montes

Por iso, o SLG defende e defenderá unha política forestal que promova uns usos alternativos ou complementarios do monte que, historicamente, nos permitiron obter rendas intermedias ás familias labregas e aos e ás titulares de terreos e/ou aproveitamentos forestais, fomentando o uso social dos nosos montes para que estes sexan unha parte importante e insubstituíble do noso patrimonio cultural que temos o deber e a obriga de preservar.

# Lei de Titularidade Compartida: un logro da Secretaría das Mulleres

O traballo desenvolvido polo Sindicato Labrego Galego foi decisivo na aprobación do texto legal definitivo

*O Sindicato Labrego Galego, a través da súa Secretaría das Mulleres, leva moitos anos loitando para que as labregas poidan ter dereitos en pé de igualdade aos homes na agricultura. Grazas*

*ao labor pioneiro da Secretaría das Mulleres do SLG dentro e fóra da Galiza, hoxe é normal que, a nivel de Estado, unha labrega poida cotizar á Seguridade Social como traballadora*

*ou, máis recentemente, que poida pedir ser titular da explotación na que traballa en pé de igualdade co seu cónxuxe. Pero non sempre foi así e aínda queda moito camiño por andar.*

A actual Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións non tería sido posible sen o traballo e a loita da Secretaría das Mulleres do SLG, que comezou con esta reivindicación cando ninguén falaba dela.

Cómpre lembrar, a este respecto, pequenas conquistas que iniciaron o camiño, como o artigo 30 do anteproxecto da Lei Orgánica para a Igualdade entre Homes e Mulleres que contemplou, por primeira vez na historia, a titularidade compartida nas explotacións. Isto foi recollido no texto legal grazas a unha campaña de varios anos da Secretaría das Mulleres na

que deu a coñecer a súa demanda a todos os grupos parlamentarios.

Pero a loita pola titularidade compartida nas explotacións comezou a cobrar forza unha vez se conquistou o dereito das labregas a poder cotizar á Seguridade Social Agraria, no ano 2003, tras unha campaña exemplar que tivo o seu inicio e referente na Galiza e no traballo da Secretaría das Mulleres. Dende aquela, a demanda pola titularidade compartida levouse a todos os foros e institucións, e foi o centro de varias mobilizacións e dun intenso traballo administrativo e xurídico.



En 2007, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego xa demandaba nas rúas a titularidade compartida nas explotacións

## Da Lei Galega para a Igualdade ao primeiro rexistro de cotitulares na Galiza

O 16 de marzo de 2004, Isabel Vilalba e Marisol García, do SLG, mantiñan unha xuntanza coa directora xeral do Servizo Galego de Igualdade, Marta González, na que lle expuxeron o problema da titularidade nas explotacións. Despois desta reunión, incluíuse na Lei Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, publicada o 21 de setembro de 2004, o artigo 31 referido á "Titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias".

Con motivo do 8 de marzo de 2006, o Ministerio e a Consellaría de Traballo anunciaban bonificacións de até o 50% na alta á Seguridade Social para aquelas labregas que quixesen cotizar habendo outro titular na súa explotación. A Secretaría das Mulleres do SLG denunciou que as axudas só eran para mulleres menores de 40 anos, excluindo ao resto.

O problema da titularidade, e outros derivados, como a perda das axudas a nais traballadoras por non ter recoñecido o exercicio da súa profesión as labregas,

foron expostos á secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán, o 5 de outubro de 2005. A perda das axudas por ser nais e traballadoras das labregas chegaría ao Congreso e mesmo a levaría o SLG até o Tribunal Económico e Administrativo; mentres que o Servizo Galego de Igualdade acabaría creando unhas axudas, en outubro de 2006, para apoiar a cotitularidade nas explotacións. Tamén, grazas ás iniciativas do SLG, a anterior Xunta de Galiza publicaba un real decreto para crear un rexistro de mulleres cotitulares que despois non se puxo en marcha.

### ■ 2007: comezo das mobilizacións

O 10 de marzo de 2007, celébrase a primeira manifestación convocada para esixir a titularidade compartida nas explotacións, cunha marcha de máis de duascientas labregas convocadas polo SLG dende o Parlamento de Galicia até a praza do Toural. Pouco despois, o 30 de maio de 2007, os ministerios de Agricul-

tura e Traballo creaban unha equipa técnica para desenvolver a futura Lei de Titularidade Compartida. De cara a acelerar o proceso de redacción e aplicación desta lei, e de cara a que fose o máis efectiva posible, a Secretaría das Mulleres organizou varias mobilizacións e un intenso traballo coas institucións.

En marzo de 2009, o Goberno presentaba un real decreto de Titularidade Compartida para cumprir aos mandatos da Lei para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, ante o que a Secretaría das Mulleres tivo que denunciar que o decreto só supuña a creación dun rexistro administrativo para que se inscribisen as mulleres como cotitulares.

O 14 de abril de 2011, a Secretaría das Mulleres presentou alegacións ao anteproxecto de Lei de Titularidade Compartida para que se corrixa deficiencias, como que as mulleres que desexen ser titulares deban contar co permiso dos seus cónxuxes.

## 2003: conquista do dereito das labregas a cotizar ao REASS

O camiño cara á igualdade entre labregos e labregas tampouco se podería entender sen outra conquista da Secretaría das Mulleres do SLG que, tras anos dun traballo pioneiro no Estado, a comezos de 2003, conseguía que as labregas puidesen cotizar ao, hoxe desa-

parecido, Réxime Especial Agrario da Seguridade Social (REASS). Antes diso, se unha labrega tiña un familiar –até o terceiro grao de consanguinidade– cotizando no réxime de autónomos, ou o seu marido gañaba máis ca ela, non tiña dereito a cotizar ao REASS, pois a lexislación vixente dende o franquismo consideraba que a súa actividade non era fundamental para a economía familiar.

En 1996, e a través do SLG, aparecía a primeira demanda pública dunha labre-

ga ante unha oficina da Seguridade Social; dende aquela, a Secretaría das Mulleres do SLG fixo unha denuncia sistemática deste regulamento discriminatorio, caso por caso e comarca a comarca. En sete ocasións, as denuncias remataron nos tribunais, que sempre lle deron a razón ás afectadas do SLG.

Esta loita do SLG sentou precedente para que a demanda se estendese a todo o Estado Español a través das organizacións agrarias integradas na COAG.

### Lidia Otero Souto, gandeira de Dumbria

## “Unha cousa é a lei e outra moi distinta é como se aplica e como se traduce á realidade”

**L**idia Otero Souto é hoxe cotitular dunha explotación leiteira Len Salgueiros (Dumbria) grazas a que, no seu día, constituiu unha sociedade civil xunto ao seu home. Nembargante, non sempre foi así. Lidia comezou na actividade agraria de cero, cando casou e marchou vivir á casa da familia do seu marido. “Evidentemente, non comecei como titular”, explica. Agora, coa nova lei, “a cousa mellora, pois agora as mulleres terán a oportunidade de non quedar relegadas”, mais non vai ser un camiño de rosas. Para esta gandeira de Dumbria “unha cousa é a lei, e outra moi distinta é como se aplica e se traduce á realidade. Non todas as mulleres teñen unha voz suficientemente forte como para pedir voluntariamente a titularidade. Ás veces, a súa decisión dependerá máis de ter un home comprensivo e que as apoie, e outras que as mulleres teñan carácter para decidir por si mesmas. Dependerá das persoas e das circunstancias, pero o feito de ter que pedir a titularidade vai facer que moitas mulleres queden sen pedila. A aplicación desta lei non debería ser un “se ti queres, podes ser titular”, senón un “debes ser titular”.

A pesares da nova Lei de Titularidade Compartida, para Lidia aínda queda moito por facer en materia de igualdade. “Aquí vívese á antiga usanza”, afirma crítica. “É sempre o home o que leva o de fóra, e a muller o de dentro. Hai veces nas que a muller traballa moito no campo, e é un traballo non recoñecido, porque é o home o que fai as xestións fóra; cando ela, ademais do traballo na explotación, tamén fai o da casa. Dende fóra parece que é o home o que traballa moito, cando é ela a que o leva todo”.

Finalmente, Lidia recordou o traballo decisivo da Secretaría das Mulleres do SLG para que se aprobase esta lei “pola que leva moito loitado”.



### Dorita Simil Carril, gandeira de Muxía

## “As campañas para incentivar a cotitularidade deben ir dirixidas ás mulleres e ás súas familias”

**D**orita Simil Carril é unha gandeira veterana, con case trinta anos de profesión agraria ás súas costas na explotación leiteira de A Ó (Muxía) da que hoxe é titular. Respecto a esa titularidade, lembra que “cando comecei a traballar na explotación, esta era do meu sogro e, polo tanto, non podía ser titular. Cando casei, a explotación pasou a estar a nome do meu home. Foi ao marchar el traballar fóra cando eu me puxen de titular”. Para Dorita, a nova lei permitirá que as labregas “poidan ver recoñecidos os seus dereitos nas explotacións. Até o de agora, as mulleres non tiñamos dereitos ningúns, a pesares de traballar igual cós homes. Para min, esta lei significa o recoñecemento ao noso traballo”. Así e todo, Dorita quéixase da escasa información que hai: “Nós estamos informadas grazas ao Fouce e ás xuntanzas da Secretaría das Mulleres. Pero, fóra de aí, non escoitei falar desta lei en ningures”, o que lle leva a crer “que non haxa moitas mulleres que vaian solicitar a titularidade de xeito voluntario”. Ante este problema, o Ministerio e a Consellaría de Medio Rural “deberían facer campañas para informar ás mulleres sobre a titularidade e para animalas a que a soliciten. E esas campañas non deberían estar só destinadas ás mulleres, senón tamén ás familias, pois pode haber casos nos que a decisión da muller de ser titular dependa da familia na que estea”. Neste labor de implantación,

Dorita está convencida de que a Secretaría das Mulleres do SLG vai ter que implicarse do mesmo xeito que o fixo para que a lei fose unha realidade, feito respecto ao cal tamén o ten claro: “o traballo da Secretaría das Mulleres do SLG foi fundamental para chegarmos a esta lei”. Do mesmo xeito que Lidia Otero, para Dorita “aínda queda un camiño moi longo para acadar a igualdade. Semella que mesmo imos cara a atrás co recorte dos servizos públicos. Até agora as mulleres tiñamos axuda a domicilio, e agora estana quitando; e iso, ao final, é traballo que recae nas mulleres”.



## Se es labrega, este xaneiro acóllete aos beneficios da Lei de Titularidade Compartida!

No Boletín Oficial do Estado (BOE) do 5 de outubro publicouse a Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións, o que supón un logro do traballo desenvolvido pola Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego nos últimos anos.

Darse de alta como cotitular nunha explotación supón a valoración do labor e traballo da labrega e, ademais, o recoñecemento dos dereitos que a muller ten na explotación. Con esta lei os rendementos da explotación repartíranse ao 50%, así como calquera axuda ou pagamento que reciba a explotación, o que tamén suporá melloras na fiscalidade das explotacións.

A Lei sinala que as bases reguladoras de subvencións financiadas pola Administración Xeral do Estado incorpo-

rarán para beneficiar ás explotacións agrarias de titularidade compartida un trato preferente, así como que todas as disposicións, planos e programas elaborados pola antedita administración en materia de agricultura, medio rural e medio ambiente deberán tomar en consideración as medidas incentivadoras e de fomento da titularidade compartida.

Para que unha labrega se poida dar de alta como titular dunha explotación xunto ao seu cónxuxe, é necesario que estea dada de alta na Seguridade Social, traballar de xeito directo e persoal na actividade agraria e residir no ámbito da explotación. Ademais, cómpre inscribirse no rexistro que para tal fin porá en marcha a Xunta de Galicia achegando os datos persoais, os da explotación e os dos bens

e dereitos ligados a esa explotación, os da conta bancaria da explotación, e o certificado de matrimonio ou de parella de feito, entre outros.

A comezos de ano, o Ministerio de Medio Rural debe iniciar unha campaña para sensibilizar ás mulleres labregas para que soliciten a titularidade compartida nas explotacións, ao tempo que se abrirá o prazo para rexistrarse como tal. Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, queremos animar ás agricultoras e gandeiras galegas para que dean o paso e se rexistren como titulares. Anímate e acode ao local do Sindicato Labrego da túa comarca, onde daremos toda a información, asesoramento e apoio que precisas para que poidas ser titular na túa explotación!

### Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

En virtude dun Convenio firmado no seu día entre o Sindicato Labrego Galego, o ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral) e a Consellaría do Medio Rural, tes a posibilidade de someterte a un chequeo médico completo nas instalacións que o ISSGA ten en calquera das catro capitais de provincia galegas. Estes chequeos son completamente gratuítos.

Para poder beneficiarte desta posibilidade, so tes que apuntarte no teu local do Sindicato Labrego, onde os compañeiros e compañeiras che facilitarán información máis detallada.

En calquera caso, debes levar o día do chequeo a seguinte documentación contigo:

- SOLICITUDE CUBERTA (facilítaseche no Local do SLG)
- FOTOCOPIA DO DNI
- ÚLTIMO CUPÓN DA SEGURIDADE SOCIAL (xa que este servizo e para labregos e labregas que estean dados e dadas de alta por conta propia).

Para máis información, ou para apuntarte, acode ao local do Sindicato Labrego Galego da túa comarca.

**TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES**



# 016

**Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

## Compra - Venda - Troco

|                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Véndese</b><br>-Xovenca frisona de 18 meses en Taboada (Lugo).<br>Chamar ao 982 162 301                                                                                                                                                               | <b>Véndese</b><br>-Xovencas e frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre de IBR e BVD. Media de produción da gandería 10.300 litros. Cualificación de 81 puntos.<br>Na zona de Monfelo.<br>Chamar aos teléfonos 610 962 132 ou 981 196 919 | <b>Véndese</b><br>-Cisterna de 3.300 litros (1.000 euros)<br>-Cinta cargadora de 7 metros (200 euros)<br>-Fresadora con 180 de corte (2.100 euros)<br>-Tractor John Deere 1035, en moi bo estado (7.000 euros)<br>-Remolque tipo IMACO (2.000 euros)<br>-Cultivadores de 7 ganchos (1.000 euros)<br>Na zona da Limia (ourense)<br>Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995 | <b>Véndese</b><br>-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.<br>En Portomarin (Lugo).<br>Preguntar por María no teléfono 622 726 687                                                    | <b>Véndese</b><br>-Tractor John Deere 6400, 105 CV.<br>-Remolque mesturador marca Triplet 12 m.<br>-Encintadora de carro Makey.<br>-Emboladora Carraro liña verde.<br>-Desensiladora.<br>-Rastra para terra.<br>-Tanque de cuba para leite de 3.200 litros.<br>-Pinza de bolas.<br>-Remolque de carga.<br>Por cese de actividade.<br>Chamar ao 626 94 36 82 |
| <b>Véndese</b><br>-Sementadora de millo Monosen, 4 liñas, mecánica. Prezo: 700 €<br>Chamar ao 699 283 697                                                                                                                                                | <b>Véndese</b><br>-Desbrozadora de tractor en bo estado. Na zona de Oza dos Ríos.<br>Chamar ao 670 895 789                                                                                                                                      | <b>Véndese</b><br>-Moto Rieju RR, de 2009.<br>Chamar pola noite aos teléfonos 628 897 696 ou 981 808 945                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <b>Véndese</b><br>-Becerras para recría<br>Na zona de O Covelo (Pontevedra).<br>Chamar aos números de teléfono 986 668 820 ou 626 442 294                                                          | <b>Véndese</b><br>-Cámara frigorífica de 10 m3.<br>-Invernadoiro de 8,5 m. ancho (500 m2).<br>-Invernadoiro de 10 m. ancho (300 m2).<br>-Colleitor de patacas de 1 suco, descarga lateral.<br>Chamar ao 610 040 674                                                                                                                                         |
| <b>Véndese</b><br>-Xovencas preñadas e becerras de raza Vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción. En Lousame, (A Coruña).<br>Preguntar por Fernando no 679 192 242                                             | <b>Véndese</b><br>-Desbrozadora de 1.80 m (ano 2007)<br>Chamar ao 648 921 666                                                                                                                                                                   | <b>Véndese</b><br>-Sementadora de precisión de bota, marca Amazone, modelo E-25. Ano 2009.<br>Na Limia.<br>Chamar ao 661 736 998                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>Véndese</b><br>-Grade de 20 discos. Bo estado.<br>-Trailla de tipo pequeno e rotativa de 1'90.<br>En Outeiro de Rei (Lugo)<br>Chamar ao 626 334 770                                             | <b>Véndese</b><br>-Xerador de corrente a gasóleo, 10 KVA (10.000 vatios), auto-propulsado.<br>Chamar aos números de teléfono 659 937 487 e 982 163 862                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Véndese</b><br>-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous.<br>-Circuíto Manus de 4 puntos.<br>-Tanque de leite de 800 litros.<br>Por peche de explotación na zona de Castroverde (Lugo).<br>Chamar ao mediodía ou á noite ao teléfono 982 312 200 | <b>Véndese</b><br>-Silo de fibra para penso de 3.300 quilos. En bo estado, prezo a convir.<br>En Ribeira de Piquín (Lugo).<br>Chamar ao 608 555 127                                                                                             | <b>Véndese</b><br>-Desensiladora marca Fella TH-145 con poldro, mandos adicionais, coitelas novas e totalmente revisada.<br>-Rulo compactador de dous metros de ancho.<br>-Remolque de tres metros de largo con documentación.<br>En Sobrado.<br>Chamar ao 679 946 097                                                                                                                     | <b>Véndese</b><br>-Peugeot 106 a gasolina, con 24.000 quilómetros. En perfecto estado. Prezo: 4.000 euros. Na zona de Compostela.<br>Preguntar por Carlos nos teléfonos 686 783 800 e 619 348 426. | <b>Véndese</b><br>-Rotativa deutz Farh de 1.65 de corte. Bo estado.<br>-Opel Vectra de 100 CV, 2000 cc, con aire acondicionado, elevavento eléctrico. 250.000 quilómetros reais. Bo estado.<br>-Madeira de castiñeiro curada.<br>Chamar ao 616 060 146                                                                                                      |

# Compra - Venda - Troco

## VENDAS

### Véndese

-Tractor John Deere 1840 de 65 CV, dobre tracción, con poucas horas de traballo.  
Chamar aos números de teléfono 615 333 879 e 982 188 114

### Véndese

-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.  
-Remolque.  
-Cultivador de ganchos.  
-Aboadora.  
En Boimorto (A Coruña).  
Chamar ao 696 090 165.

### Véndese

-Desensiladora de mordaza marca TENIAS con carro elevador e 1 autocargador de 13 coitelas.  
Na zona de Cesuras.  
Chamar ao 650 158 948

### Véndese

-Segadora rotativa "BCS" de 2,85 de corte.  
En Castroverde (Lugo).  
Chamar ao 617 655 320

### Véndese

-5 presebes de ovino-caprino de 4 metros de longo, galvanizados, con bandexa para cereal.  
Chamar aos números de teléfono 646 098 727 e 988 457 412

### Véndese

-Unha vaca próxima ao parto.  
Chamar ao 982 526 886

### Véndese

-Tanque trifásico marca Japy de 1.700 litros con motor novo. En Teixeira (Curtis).  
Chamar ao 605 870 030

### Véndese

-Becerras limusins de aproximadamente 10 meses, aptos para ser pais. Zona de Lugo.  
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 ou 982 207 733

### Véndese

-2 túneles de invernadoiro con ventilación central e lateral de 240 m e 130 m. Na zona Silleda.  
Chamar ao 625 074 695

### Véndese

-Remolque preparado para rolos de herba, con documentación.  
-Cuba con capacidade 1000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.  
-Audi A4 2500 TDI, tracción 4, 6 cilindros, pinas ("lantas") 18", control de velocidade, elevavidros, 6 airbags, ABS, control de estabilidade, 6 velocidades, ano de compra: 2001. Urxe vender.  
En Paradela (Lugo).  
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260.

### Véndese

-Tractor Pasquali modelo 956-603 de 21CV, con basculante e freno hidráulico. Zona de Meira (Lugo).  
Chamar ao 626 331 612

### Véndese

-Pastor semínovo e debulladora de millo manual. Na zona de Betanzos.  
Chamar ao 696 977 740

### Véndese

-2 xovencas de Rubia Galega.  
-Tanque de penso de 5.000 quilos mediado. Na zona Cesuras (A Coruña).  
Chamar ao 981 790 331

### Véndese

-Colleitoradora de patacas Grimme 650, con moega ("tolva") alta e dirección.  
-Cinta.  
-Desbrozadora patacas 3 regos.  
-Tractor John Deere 1635 con pa.  
-Remolque (10.000 quilos).  
-Regadio con motor de 14 CV  
Chamar ao 619 904 183

### Véndese

-Cinta transportadora de 7 m.  
Chamar ao 988 467 045 (A Limia)

### Véndese

-Tanque de frío Alfa-Laval 520 litros. En Cesuras.  
Chamar ao 669 799 422

### Véndese

-Tanque de frío auga xeadada de baixo consumo. Capacidade de 1000 litros  
-Grupo electrógeno monofásico e trifásico de 25 Kveas.  
-Circuito de muxido de 4 puntos con lavado automático. Lavadora semínova. Todo en bó estado.  
Chamar ao 609 733 289 (Manuel)

### Véndese

-Mazo de ferreiro. En Lugo  
Chamar ao 982 150 232 (noite)

### Véndese

-Xovencas con carta, primeiro e segundo parto.  
Preguntar por Antonio no teléfono 676 128 939

### Véndese

-Becerro marcado de Rubia Galega de 13 meses. Libre de IBR, DUD... Na zona de Betanzos.  
Chamar ao 648 187 857

### Véndese

-Herba seca en rolos de 1.40 e en alpacas pequenas, sobre pedido. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).  
Chamar ao número de teléfono 619 267 520

### Véndese

-Casa, con planta baixa, primeiro andar e terreo. En Oza dos Ríos.  
Chamar ao número de teléfono 886 113 200

### Véndese

-Xatas frisoas, próximas o parto.  
-Tanque con capacidade de 3.000 litros. En Portomarin  
Chamar aos números de teléfono 697 422 304 e 982 157 768. En Portomarin.

### Véndese

-Xovencas frisoas en Friol.  
Chamar ao 630 561 310

### Véndese

-Circuito de 3 puntos e tanque de 1.200 litros semínovo.  
Chamar ao 981 790 233

### Véndese

-Rulos de palla centea ou Treme-siña, de 1,50 ou 1,60 m. de diámetro, con atado de rede ou cordeis.  
-Macropacas de palla centea ou Treme-siña de seis ou catro cordeisChamar ao 661 736 998

### Véndese

-Cisterna Magal de 2.500 litros, en perfecto estado.  
Chamar ao 629 324 129. A Limia.

### Véndese

-Carro de cabalo con rodas agrícolas.  
Chamar ao 982 163 954

### Véndese

-Rolos de herba seca e silo.  
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

### Véndese

-Touro Limousin lexítimo de 5 anos. Descornado e moi manso. Por renove.  
Preguntar por Manuel no teléfono 661 586 023.

### Véndese

-Tolva de silos, cantidade 3000 quilos. En bo estado. En Mesía.  
Chamar ao 685 636 023

### Véndese

-3 vacas Rubias Galegas. Na zona de Abegondo.  
Chamar ao 981 669 245

### Véndese

-Muíño de cereais trifásico, con moega de 800 quilos de capacidade. Prezo a convir.  
Chamar ao 696 541 247.

### Véndese

-2 "tolvas" abertas para interior. Capacidade: 900 e 1400 quilos. Prezo a convir.  
Chamar ao 696 541 247.

### Véndese

-Arado 3 pas, marca Internacional.  
Preguntar por Xosé Manuel no 696 660 023

### Véndese

-Furgoneta Volkswagen 1.9 TD ano 1998.  
Preguntar por Xosé Lois Seoane no 626 315 059

### Véndese

-Viño Albariño, viño tinto do Condado (Souson, Brancellao e Caíño) e viño Mencía.  
Na zona de Arbo.  
Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

### Véndese

-Invernadoiro túnel de 250 m.  
Chamar ao 628 615 877 (Silleda)

### Véndese

-Rotoempacadora JOHN DEERE 570  
Chamar ao 648 911 341

### Véndese

-Furgoneta Opel Vivaro ano 2005 100 CV. Toques (A Coruña).  
Chamar ao 667 469 962.

### Véndese

-2 xovencas e 1 vaca de Raza Rubia Galega. Zona de Abegondo.  
Chamar ao 636 875 570.

### Véndese

-Boi rubio. En Castroverde.  
Chamar ao 689 049 495

### Véndese

-2 vacas frisoas. Unha de dous anos acabada de parir, e outra de sete anos.  
Preguntar á noite por Inocencio no 981 778 111

### Véndese

-Touro e 2 vacas rubias galegas, de 3 anos de idade e marcados por Acruga. Na zona de Ortigueira.  
Chamar a Miguel ao 630 381 188 ou a María no 619 937 274.

### Véndese

-Cuba-bebedoiro de 2000 litros, galvanizada, case nova.  
Chamar ao 637 545 179

### Véndese

-Rotoempacadora Gallinani modelo 3200.  
-Aboadora Nardi de 350 quilos.  
Chamar ao 646 336 125

### Véndese

-Colleitoradora de patacas GRIMME 650, con "tolva" alta e dirección.  
-Regadio con motor de 14 CV  
Chamar ao 619 904 183

### Véndese

-Motor de rega. Saída 4", bomba de dobre turbina, motor de 45 CV. Na zona da Limia.  
Chamar ao 666 396 285

### Véndese

-Rotoempacadora marca DEUTZ FAHR, cámara variable, ano 2002. Pouco traballo, en moi bo estado. Na zona da Limia.  
Chamar ao 670 769 182

### Véndese

-Cinta elevadora. Lonxitude: 10 metros. Semínova. Zona da Limia.  
Chamar ao 690 299 107

### Véndese

-Autocargador Ford de 18 m.  
-Rotativa Marangon de 1.70 m. Na zona de Guntín.  
Chamar ao 606 841 910

### Véndese

-Autocargador Marangon 18 m3. En Castroverde.  
Chamar á noite ao 982 175 512.

### Véndese

-Máquina limpadora de centeo.  
-Muíño eléctrico.  
-Muíño de tractor.  
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

### Véndese

-Xata rubia e frisoas.  
-Tanque de frío de 3.000 litros.  
Chamar aos números 982 157 768 e 697 422 304 (Portomarin).

### Véndese

-Emboladora Carraro 1200.  
-Rotativa de 2 discos.  
Preguntar por Xosé Luis no número 982 450 326. O Saviñao.

## COMPRAS

### Mércase

-Autocargador. Non importa o estado, nin que funcione, só se precisa chasis con rodas e descarga.  
Chamar ao 650 158 948

### Mércanse

-Rolos de herba para unha explotación en Pontecaldelas.  
Chamar aos números de teléfono 986 750 347 ou 639 503 815

### Mércase

-Desbrozadora para un AGRÍA 900 (pequeno). Zona de Oleiros.  
Chamar aos números de teléfono 981 663 945 e 666 629 122.

### Mércase

-Comedeiro para xatos. Preferiblemente pequeno.  
Chamar a Reme ao 687 029 455.

## OUTROS

### Alúgase

-Nave de gando con 80 prazas. Na zona de Portomarin (Lugo).  
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

### Alúgase

-Explotación de 217.000 quilos de cota. No lugar de Areas, parroquia de Adragonte, concello de Pademe.  
Chamar aos números de teléfono 981 797 225 e 695 365 790

### Busco

-Explotación en Galicia para mercar ou alugar.  
Chamar aos números de teléfono 686 386 215 e 982 161 387

## OFERTA E DEMANDA

## EMPREGO

### Fanse

-Substitucións de muxido. Zona Sarria-Lugo  
Chamar ao 600 622 969

### Ofrécese

-Mozo para traballar en explotación de leite na zona de Santiago e Ordes.  
Chamar no 629 927 005

### Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de Santiago.  
Chamar ao 638 082 772

### Fanse traballos

-De limpeza de parcelas, agrícolas e de monte por toda a provincia d'A Coruña.

Consultáanos nos teléfonos 686 572 812 e 657 458 610

### Ofrécese

-Parella para traballar en explotación agrícola.  
Chamar ao 886 113 200

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



## O SLG presente na primeira manifestación global da humanidade

O 15 de outubro celebrouse en todo o mundo unha manifestación global contra o sistema económico neoliberal; contra ese mesmo sistema que provocou unha crise que, agora, estamos pagando e sufrindo as clases populares. Galiza non foi allea a este berro de protesta, con mobilizacións nas principais cidades e vilas entre as que destacou a de Compostela, con 14.000 persoas que encheron a praza do Obradoiro, e coas xentes do Sindicato Labrego Galego, tamén indignadas, apoiando as reivindicacións. Non en van a nosa loita é tamén contra un sistema que nos escraviza con prezos de miseria e baixo a ditadura dos mercados.



Miles de persoas encheron as rúas de Compostela para demostrar o seu rexeitamento ao neoliberalismo, xunto a outras cidades galegas como A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.



# 15-O: o día en que o mundo se ergueu indignado contra o sistema neoliberal

Unha vez na praza do Obradoiro, leuse un manifesto que comezou dando a benvida “á primeira manifestación global da historia da humanidade” contra un sistema do que xa estamos “fartos e fartas”.

O manifesto continuaba denunciando que “os dereitos do pobo son os deberes dos gobernos. Estes dereitos non son arbitrarios, obedecen a necesidades básicas: alimentación, vivenda, sanidade, xustiza, educación. E un sistema que non garante estes dereitos, non está a cumprir co seu deber”. Tamén se

denunciou que se estaban a conculcar dereitos como o do traballo, o dunha educación libre e gratuíta, ou o de termos unha vivenda digna e axeitada.

O manifesto continuou acusando aos poderes públicos de ignorar “as necesidades da poboación, para convertérense en títeres da industria e dos mercados, daqueles que se aproveitan dun sistema corrupto e deficiente para seguir gañando cada vez máis, a costa das nosas liberdades. A costa do noso futuro. Os gobernos abandonan o seu pobo para

rescatar os bancos que nos meteron nesta crise, que quedan cos aforros pasados e futuros das familias, coas súas casas. As multinacionais abusan sistematicamente dos países máis pobres, explotando a súa terra para atender as necesidades do primeiro mundo, e aínda por riba disfrazando estes abusos de regalos e axudas para o desenvolvemento.

O un por cento da poboación atesoura o noventa por cento da riqueza, a costa do noventa e nove por cento restante. A costa de todos e todas nós”.

## ■ Millóns de persoas pola soberanía alimentaria

O manifesto, ademais de reclamar a soberanía económica, política, cultural e social, tamén pide “unha soberanía alimentaria que garanta o dereito dos pobos a definiren políticas de produción de alimentos axeitadas ás súas necesidades, características e culturas, que garantan o libre acceso á terra, á auga potable e de rego, ás sementes, e a conservación da biodiversidade. Que non se escravice a un pobo para convertelo na despesa de outro”.